

**ORDENANZA PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE
URBANIZACIÓN, CONTROL DAS OBRAS E RECEPCIÓN
DESTAS NO CONCELLO DE OLEIROS.**

INDICE

TITULO 1.- NORMAS XERAIS	1
Artigo 1- Carácter e obxecto da ordenanza	1
Artigo 2.- Alcance e ámbito de aplicación	1
Artigo 3.- Obxecto e alcance dos proxectos técnicos	2
Artigo 4.- Documentación dos proxectos	2
Artigo 5.- Proxectos de urbanización:	3
Artigo 6.- Proxecto ordinario de obras de urbanización para que a parcela alcance a condición de solar	5
Artigo 7.- Autorizacións de Administracións sectoriais	5
Artigo 8.- Ámbito do proxecto	6
Artigo 9.- Documentación necesaria para a posta en funcionamento dos subministrados de gas e electricidade	6
Artigo 10.- Base topográfica e plano de aliñamento	6
TITULO 2.- CRITERIOS DE DESEÑO	8
CAPITULO 1. CONDICIONS XERAIS.....	8
Artigo 11.- Condicións xerais	8
Artigo 12.- Deseño da rede viaria	8
CAPITULO 2. CLASIFICACIÓN DA REDE VIARIA.....	9
Artigo 13: VÍAS INCLUÍDAS NOS SISTEMAS XERAIS DO P.X.O.M.	9
Artigo. 14: VÍAS QUE CONFORMAN O SISTEMA LOCAL VIARIO:	11
Artigo.15.- CONDICIÓN XERAIS DE DESEÑO DA REDE URBANA	11
Artigo 16.- Dimensionamento dos pavimentos das vías	12
Artigo 17.- Criterios xerais de deseño da pavimentación das vías	12
Artigo 18.- Rúas compartidas:	13
Artigo 19.- Estacionamentos na vía pública	14
Artigo 20.- Carrís para bicicletas	14
Artigo 21.- Franxas de reserva	15
Artigo 22.- Camiños rurais	15
Artigo 23.- Accesibilidade e Supresión de Barreiras Arquitectónicas:	15
Artigo 24.- Proposta de ordenación de tráfico	15
Artigo 25.- Pavimentos de zonas peonís	16
Beirarrúas.....	16
Rúas peonís.....	16
Bordos.....	17
CAPITULO 3.- REDE DE SANEAMENTO.....	17
Artigo 26.- Condicións xerais	17
Artigo 27.- Cálculo da rede de fecais	18
Artigo 28.- Cálculo do caudal de proxecto	19
Artigo 29.- Rede de pluviais	20
Artigo 30.- Cálculo da rede de pluviais	20
Artigo 31.- Aperturas de gabias en obras ordinarias de urbanización	21
Artigo 32.- Bombeos	21
CAPITULO 4.- REDE DE ABASTECIMENTO.....	21
Artigo 33.- Condicións xerais	21
Artigo 34.- Bases para o cálculo hidráulico da rede de distribución de auga	21
Artigo 35.- Entubados que hai que empregar na rede de abastecemento	22
Artigo 36.- Gabias para aloxamento dos entubados de abastecemento de Auga	23
Artigo 37.- Pezas a colocar nas redes	24
Artigo 38.- Pezas ou elementos singulares da rede	24
Artigo 39.- As Válvulas de Corte	24
Artigo 40.- Acometidas a vivendas individuais ou acometida estándar	25
Artigo 41.- As Redutoras de Presión	25
Artigo 42.- Ventosas	25
Artigo 43.- Desaugues da rede	26
Artigo 44.- As Bocas de Rego	27

<i>Artigo 45.-</i> Compoñentes do sistema contra incendios, os hidrantes	27
<i>Artigo 46.-</i> Proxecto de urbanización - Abastecemento	28
CAPITULO 5.- ILUMINACIÓN PÚBLICA	28
<i>Artigo 47.-</i> Condicións xerais	28
<i>Artigo 48.-</i> Niveis de iluminación	28
<i>Artigo 49.-</i> Bases de cálculo foto-lumínico da iluminación pública	29
<i>Artigo 50.-</i> Limitacións de consumo	30
<i>Artigo 51.-</i> Luminarias, columnas e implantacións	31
<i>Artigo 52.-</i> Alimentación das instalacións	32
<i>Artigo 53.-</i> Rede de conductores	32
<i>Artigo 54.-</i> Equipos de medida	33
<i>Artigo 55.-</i> Cadros de mando e protección	33
<i>Artigo 56.-</i> Contaminación lumínica	34
CAPITULO 6.- REDE DE ENERXÍA ELÉCTRICA (MEDIA E BAIXA TENSIÓN)	34
<i>Artigo 57.-</i> Condicións xerais	34
<i>Artigo 58.-</i> Previsión de cargas	35
<i>Artigo 59.-</i> Criterios de deseño	35
CAPITULO 7.- REDE DE TELECOMUNICACIÓN S	36
<i>Artigo 60.-</i> Condicións xerais	36
CAPITULO 8.- REDE DE GAS	37
<i>Artigo 61.-</i> Condicións xerais	37
<i>Artigo 62.-</i> Compoñentes das instalacións de gas	37
CAPITULO 9.- OUTROS SERVIZOS	38
<i>Artigo 63.-</i> Condicións xerais	38
CAPITULO 10.- EVACUACIÓN DE LIXO	39
<i>Artigo 64.-</i> Condicións xerais	39
CAPITULO 11.- PARQUES E XARDINS	39
<i>Artigo 65.-</i> Condicións xerais	39
<i>Artigo 66.-</i> Clasificación dos parques e xardíns	40
<i>Artigo 67.-</i> Compoñentes para o deseño dos parques e xardíns	40
<i>Artigo 68.-</i> Xardíns: dotación de compoñentes en función da superficie	40
<i>Artigo 69.-</i> Parques urbanos	41
<i>Artigo 70.-</i> Condicións dos parques naturais e forestais	41
<i>Artigo 71.-</i> Criterios xerais de deseño	41
<i>Artigo 72.-</i> Instalacións de rego	43
<i>Artigo 73.-</i> Condicións para especies vexetais en xardíns, parques urbanos e parques naturais e forestais	44
<i>Artigo 74.-</i> Especies vexetais recomendadas en xardíns, parques urbanos e parques naturais e forestais	45
<i>Artigo 75.-</i> Condicións para especies vexetais en aliñacións de rúas	45
<i>Artigo 76.-</i> Especies vexetais recomendadas en aliñacións de rúas	46
<i>Artigo 77.-</i> Condicións de plantacións para especies vexetais en aliñacións de rúas	47
<i>Artigo 78.-</i> Solos de plantación	48
<i>Artigo 79.-</i> Cobertura vexetal dos solos	48
<i>Artigo 80.-</i> Xogos infantís e mobiliario	49
TITULO 3.- OBRIGAS DO PROMOTOR RESPECTO AOS SERVIZOS TECNICOS MUNICIPAIS: REPLANTEO, INSPECCION DAS OBRAS, RECEPCIÓN E GARANTÍA DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN	50
<i>Artigo 81.-</i> Replanteo das obras de urbanización :	50
<i>Artigo 82.-</i> Inspección das obras de urbanización :	50
<i>Artigo 83.-</i> Inspección das obras ordinarias de urbanización	51
<i>Artigo 84.-</i> Execución de obras de urbanización simultáneas ás de edificación	52
<i>Artigo 85.-</i> Recepción de obras de urbanización, formalización do acta	52
<i>Artigo 86.-</i> Conservación da urbanización, durante o proceso de edificación dos soares	54
<i>Artigo 87.-</i> Responsabilidades e garantías das obras de urbanización	55
<i>Artigo 88.-</i> Regulación subsidiaria	56
<i>Artigo 89.-</i> Traballos mantemento nas zonas axardinadas, a realizar durante o ano de garantía	56
DISPOSICIÓN S.....	62

DISPOSICIÓN ADICIONAL	62
DISPOSICIÓN TRANSITORIA	62
DISPOSICIÓN DEROGATORIA	62
DISPOSICIÓN FINAL.....	62
ANEXO Nº 1: INTERVENCIÓN DE BOMBEIROS E DOTACION DE HIDRANTES PARA OS EDIFICIOS.	63
ANEXO Nº 2: SECCIONES TIPO DE RUAS CON INDICACIÓN DE PROFUNDIDADES MÍNIMAS RECOMENDADAS E POSICION DOS DIFERENTES SERVICIOS URBANÍSTICOS.	65
ANEXO Nº 3.- EXECUCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN E EDIFICACIÓN.-	74

TITULO 1.- NORMAS XERAIS

Artigo 1- Carácter e obxecto da ordenanza

A presente ordenanza ten o carácter de disposición de normativa xeral, dictada polo Concello de **OLEIROS**, no exercicio da competencia ordinaria municipal que regula os aspectos de intervención e control para a redacción e execución dos proxectos de urbanización e proxectos de obras ordinarias de urbanización.

O obxecto desta ordenanza é fixar uns criterios técnicos e económicos mínimos que sirvan de base para a redacción dos proxectos de urbanización, co fin de executalos os ámbitos de planeamento de desenvolvemento previstos no planeamento municipal, así como aquelas obras ordinarias de urbanización necesarias para completar os servizos urbanísticos a realizar en solos urbanos para acadar a condición de soar, tanto polos particulares como pola propia Administración.

Os proxectos de urbanización redactaranse incluíndo a totalidade das obras a realizar, incluíndo as seguintes: vialidade, firmes e pavimentos, infraestructuras de servizos urbanísticos (así como as súas conexións exteriores), acondicionamento básico das zonas verdes e dotación básica de mobiliario urbano. Trátase de describir na presente ordenanza as calidades mínimas e dotacións básicas que hai que incorporar nos proxectos de urbanización ou obra.

Así mesmo preténdese fixar o nivel de control que deberá realizarse, dos materiais e instalacións nestas obras, para que posteriormente poidan ser recibidas polo Concello.

Estes criterios técnicos serán complementarios dos que por razóns de tramitación ante outros organismos sexa necesario realizar na redacción dos proxectos.

Artigo 2.- Alcance e ámbito de aplicación

O alcance desta ordenanza esténdese a todas as obras necesarias para completar unha urbanización (incluíndo as conexións aos sistemas xerais), entendéndose como tales e de modo resumido as seguintes:

Dotación de firmes e pavimentos

Abastecemento de auga

Saneamento (sistema separativo)

Subministro de enerxía eléctrica (media e baixa tensión)

Iluminación pública

Rede de telecomunicacións (telefonía e cable)

Rede de gas

Rede de semáforos

Xardinería

Mobiliario urbano (evacuación do lixo, marquesiñas, sinalización horizontal e vertical, sinalización de rúas e número de vivendas, mobiliario de parques infantís, bancos, etc.)

Como ámbito de aplicación considérase todo o solo urbano ou urbanizable incluído como tal no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oleiros.

Non será de aplicación esta ordenanza para os proxectos de conservación e/ou mellora de zonas urbanas consolidadas, se ben deberá intentarse que estes se adapten na medida do posible ás condicións desta ordenanza.

Artigo 3.- Obxecto e alcance dos proxectos técnicos

A execución material das determinacións do Plan Xeral e dos seus instrumentos de desenvolvemento, no relativo ás obras de urbanización, realízase mediante proxectos técnicos que segundo o seu obxecto, incluíranse nalgunhas das seguintes clases:

- a) De urbanización. Se desenvolven integralmente tódalas determinacións que o Plan prevexa en canto a obras de urbanización, vialidade, abastecemento de auga, rede de sumidoiros, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinería e outras análogas.
- b) De obras ordinarias. Se desenvolven tan só parcialmente obras de urbanización das previstas no Plan.

As disposicións contidas neste capítulo referidas ós proxectos de urbanización serán de aplicación en tódolos aspectos que lles afecten, en razón do seu obxecto, ós proxectos de obras ordinarias.

Os proxectos de urbanización teñen por obxecto a definición técnica precisa para a realización das obras de acondicionamento urbanístico do solo, en execución do determinado polo plan xeral e plans especiais no solo urbano, polos plans parciais e de sectorización no solo urbanizable, e polos estudos de detalle.

Non poderán modifica-las previsións do planeamento antecedente que desenvolvan, sen prexuízo de que poidan efectuarse adaptacións esixidas pola execución material das obras, nin en ningún suposto, conter determinacións sobre ordenación e réxime do solo o da edificación.

Os proxectos de urbanización deberán resolvelo enlace dos servizos urbanísticos do ámbito que comprendan cos xerais ós que se conecten, para tal efecto verificarán que estes teñen a suficiente dotación o capacidade para absorber os aumentos polos que verían afectados coas obras proxectadas.

Artigo 4.- Documentación dos proxectos

O proxecto técnico definirá de modo completo as obras ou instalacións a realizar, co contido e detalle que require o seu obxecto, de forma que o proxectado poida ser directamente executado mediante a correcta interpretación de aplicación das súas especificacións por técnico distinto ó autor do proxecto.

Os proxectos estruturaránse documentalmentemente en memoria descritiva e xustificativa, planos, pregos de prescricións técnicas e orzamentos, cos complementos que se esixan para cada clase de actuación nas presentes normas, nas ordenanzas e instrucións técnicas de aplicación e nos regulamentos do Estado e da Comunidade Autónoma Galega que estean vixentes no momento da súa redacción.

Artigo 5.- Proxectos de urbanización:

Os proxectos de urbanización presentados deberán estar redactados por un/unha técnico/a competente e visados polo colexio oficial correspondente, e estarán formados como mínimo por: memoria descritiva, memoria técnica, cálculos, prego particular de condicións técnicas, planos, cadros de prezos, orzamento e estudo de seguridade e saúde (ou no seu defecto estudo básico de seguridade e saúde), coas seguintes condicións de carácter particular:

1.- No apartado da memoria técnica ou ben no de cálculos e tamén en planos, quedarán perfectamente definidos os seguintes aspectos:

Superficie e características básicas das vías que conforman o proxecto, especificando:

Superficie de viario para tráfico.

Superficie de beirarrúas.

Superficies de vías peonís exclusivas.

Superficie de espazos libres públicos.

Número de báculos/columnas e farois, clasificados por alturas e potencias das luminarias.

Lonxitude total do saneamento (fecais e pluviais), con expresión das lonxitudes parciais de cada un dos diámetros utilizados e número de pozos por profundidades de 0,5 m en 0,5 m.

Lonxitude total da rede de abastecemento, con expresión das lonxitudes parciais de cada un dos diámetros utilizados.

Lonxitude da canalización de telecomunicacións instalada, con expresión das lonxitudes parciais de cada tipo de conxunto de tubos instalados e número de arquetas por tipos.

Lonxitude da rede de media e baixa tensión con expresión das lonxitudes de cada un dos tipos de cable utilizados, así como número de centros de transformación e as súas características. O proxecto axuntará conformidade da empresa distribuidora de enerxía eléctrica.

Proposta de ordenación de tráfico e sinalización co número de sinais e semáforos instalados clasificados pola súa tipoloxía.

Características das canalizacións de gas que se instalen. O proxecto incluírá a conformidade da empresa distribuidora de gas

E en xeral os datos relativos a calquera outra canalización de servizos que se instale.

Modelos de cada un dos elementos do mobiliario urbano

Proxecto de telecomunicacións no seu caso, de conformidade coa normativa de telecomunicacións e asinado por técnico competente, visado polo correspondente colexio profesional, e coa conformidade da empresa distribuidora de telecomunicacións.

Partida presupostaría relativa aos traballos de rasanteado interior das parcelas, deslinde e amolloamento das parcelas do ámbito do proxecto de urbanización.

Condições para o movemento de terras, decantación de pluviais durante as obras nun pozo antes de vertelas a rede, protección dos pasos en beirarrúas, estanque de lavado de rodas cando o exixa o volume da excavación, regos para evitar a formación de pó.

A situación das acometidas, o arborado, as farolas e en xeral tódolos elementos das instalacións que sobresaian da rasante da beirarrúa adaptándose aos lindes das parcelas resultantes.

Plano a escala mínima 1:1.000 onde se fixen claramente os límites do plan que se proxecta executar, a situación das obras, os límites dos espazos viais, os parques e xardíns de uso público, e os espazos abertos e libres de uso privado, as construcións, plantacións o instalacións que por seren incompatibles co plan teñan que derrubarse, cortarse ou trasladarse, as parcelas para equipamentos de servizos públicos ou de interese social e as previstas para a edificación privada.

Cada grupo de obra dos definidos constituirá un capítulo independente con toda a documentación específica correspondente, sen prexuízo da súa refundición unitaria na memoria principal, no plan de obras e no orzamento xeral.

Os proxectos estarán redactados de modo que permitan a persoas distintas dos autores a dirección e execución das obras, as cales formarán un conxunto rematado, de modo que o seu funcionamento sexa completo.

Cada proxecto deberá ir datado e firmado por facultativo competente, sobre o que recaerá a responsabilidade do proxecto e da súa adecuación ó planeamento antecedente.

En desenvolvemento da presente ordenanza, o Concello poderá aprobar un prego xeral de condicións económico-administrativas de obras de urbanización e pregos tipo de condicións técnicas para cada un dos distintos grupos o clases das mesmas, tendentes a normaliza-los distintos elementos e homoxeneiza-la elección e deseño dos mesmos.

2.- Achegarase un plan de control de obra como anexo independente do proxecto, con expresión do número de ensaios para realizar por cada un dos materiais que se van empregar que deban ser analizados/ensaiados, que servirá de base, tras a súa aprobación, para a recepción das obras. **No presuposto do proxecto de urbanización incluírase un capítulo para dito control de calidade por un importe mínimo do 2% do presuposto de execución por contrata.**

3.- Os orzamentos das obras dividiranse en capítulos e subcapítulos, respectando como mínimo as calidades e os prezos recollidos na “Base de datos da Construción de Galicia” do IGVS do ano en vigor.

4.- Plan de obras detallado onde se fixe tanto o prazo final como os parciais das distintas fases, se as houbera. Prazo de execución das obras e/ou das fases. A execución das obras dun proxecto poderá subdividirse en fases, cada unha das fases do proxecto deberá ser autónoma, de tal maneira que as parcelas que queden afectadas teñan todos os servizos urbanísticos necesarios para a súa funcionalidade á vez que as conexións exteriores aos sistemas xerais. **Nembargantes os prazos deberán axustarse ó previsto no planeamento de desenvolvemento que executan.**

Artigo 6.- Proxecto ordinario de obras de urbanización para que a parcela alcance a condición de solar.

No proxecto de obras de edificación figurará un anexo de obras ordinarias de urbanización co seguinte contido:

- planos e descrición das obras de pavimentación, beirarrúas, redes de subministros de servizos (auga, gas, saneamento, enerxía eléctrica, comunicacións etc.) e conexión aos servizos existentes.
- Presuposto de execución de obras, respectando as calidades e os prezos recollidos na “Base de datos da Construcción de Galicia” do IGVS do ano en vigor.
- Importe da garantía a constituír por obras de urbanización que coincidirá co presuposte de execución por contrata.
- No caso que pola demanda de subministro de enerxía eléctrica para edificación a empresa distribuidora exixa un centro de distribución, esta instalación deberá preverse na propia parcela privada ou edificación, é dicir non se admitirá a ocupación do espazo público con transformadores para subministros a edificacións.
- A sección viaria debera adecuarse á proposta polo planeamento en canto a aliñacións.

A proposta de urbanización e servizos deberá adecuarse no posible ás seccións tipo do Anexo 2 desta ordenanza, tendo en conta á xeometría da vía e parcela, servizos xa existentes e disposición dos mesmos, e sempre de acordo cos servizos técnicos municipais.

A dito efecto, deberá obterse do Departamento Municipal de Obras Públicas e empresas subministradoras a información sobre as redes existentes, posición, capacidade e necesidade ou non de reforzo das mesmas e punto de enganche.

En calquera caso como mínimo, aínda que non sexan necesarias para dalos servizos, deberán disporse ademais as seguintes canalizacións:

- 1 tubo de alumeado de \varnothing 63 (como previsión da rede enterrada)
- en media e baixa tensión 1 \varnothing 125 y 2 de \varnothing 160.
- previsión de telecomunicacións 2 tubos de \varnothing 63.

Artigo 7.- Autorizacións de Administracións sectoriais.

O promotor deberá acreditar que ten solicitadas as autorizacións das Administracións sectoriais (Costas, Estradas, Augas, Medio Ambiente, etc.) para a execución das obras de urbanización.

Antes do outorgamento da licencia ou da aprobación do proxecto de urbanización, deberá acreditar que obtivo as correspondentes autorizacións.

Artigo 8.- Ámbito do proxecto.

Para o suposto no que o ámbito do proxecto de urbanización se delimite por eixos de viais, incluírase o vial enteiro no proxecto de urbanización, co fin de evitar problemas co acabado da obra.

En tal suposto desglosarase nunha separata as partidas de obra deste medio vial situado fóra do ámbito de planeamento (e/ou xestión), para coñecer o importe das obras que exceden do proxecto de urbanización e para poder xestionar seu cobro, ben a través de contribucións especiais o ben mediante convenio coa Xunta de Compensación o Entidade de Xestión de outro polígono se este fora o suposto.

Artigo 9.- Documentación necesaria para a posta en funcionamento dos subministros de gas e electricidade

Será necesario, previamente á recepción da obra urbanizadora, a presentación de proxectos (1 copia) específicos coas pertinentes autorizacións administrativas da Consellería de Industria, entre os que cabe destacar:

de electrificación, de media e baixa tensión,

de iluminación pública,

da rede de gas.

Polo tanto, e independentemente da tramitación para a obtención da licenza, para o proxecto de urbanización deberán tramitarse paralelamente as autorizacións de todas aquelas redes que deban obter autorizacións doutras administracións.

Ver o Título III no que se analiza detalladamente a recepción e garantía das obras de urbanización.

Artigo 10.- Base topográfica e plano de aliñamento

A base topográfica sobre a que debe realizarse o proxecto de urbanización estará actualizada, cun grao de detalle correspondente a unha escala mínima 1/500, debendo polo tanto figurar nesta todos os elementos que a dita escala poidan ter representación gráfica e aqueles que sen cumprir esta condición, pola súa importancia e singularidade sexa necesario reflectilos nela.

Será obrigatorio proceder ao desbroce das zonas do ámbito que pola súa configuración e estado da vexetación exixan dito desbroce para un axeitado levantamento topográfico. O desbroce respectará todos aqueles elementos que deban ser mantidos no seu estado natural de acordo co planeamento de desenvolvemento que executa o proxecto de urbanización.

Dito desbroce no poderá supor a desaparición ou dano de elementos naturais, patrimoniais, construídos, arqueolóxicos, etc., que teñan algún valor protexido. Se na citada operación de desbroce aparecera algún elemento non coñecido nin previsto, que puidera ser merecedor de protección ou conservación deberá respectarse e darse conta da súa existencia ao Concello e administración competente da súa protección.

En calquera caso grafíaranse mediante signos convencionais, especificando o seu significado nunha lenda de simboloxía. Así mesmo tamén se farán constar na documentación gráfica, os seguintes elementos:

- Límites de propiedade.
- Prolongación de aliñacións.
- Paralelismo e ortogonalidade.
- Referencias a elementos existentes.
- As curvas de nivel trazadas como mínimo a 0,50 m e puntos de altimetría nos cruces de rúas, vértices nos límites do ámbito, e nas beirarrúas e calzadas preexistentes no interior e perímetro exterior

Nos propios planos reflectiranse nun cadro comparativo as superficies reais de cada unha das parcelas, espazos libres, equipamentos e vías, coas previstas no instrumento de planeamento. Deberán definirse por coordenadas, o polos ángulos e distancias, referidas a elementos fixos no terreo que non vaian a sufrir modificacións durante a obra: os eixos das aliñacións que forman a rede viaria, a partir dos seus puntos de cruzamento, así como os puntos do contorno do ámbito do proxecto.

Utilizarase como sistema de coordenadas, o sistema U.T.M., podendo usarse complementariamente outro de ámbito local definido a partir de puntos inamovibles do terreo, cando quede plenamente xustificado polo/a proxectista.

Deberá incorporarse como anexo ao proxecto, os planos en soporte dixital en ficheiro de intercambio compatible (DXF) inserido sobre a cartografía dixital do Concello.

Tanto no suposto de proxecto de urbanización como no de anexo de obras ordinarias de urbanización, non se admitirá como cartografía base a cartografía oficial do planeamento. Terá que facerse levantamento taquimétrico do ámbito a desenvolver.

Para evitar problemas de encaixe, o levantamento taquimétrico que se utilizou para a redacción do planeamento de desenvolvemento (plan especial, plan parcial o Estudio de Detalle) e proxecto de compensación o reparcelación , será o mesmo que se utilice como base cartográfica para a redacción dos proxectos de urbanización. Isto é fundamental para conseguir que as parcelas resultantes do proxecto de reparcelación o compensación no sufran variacións unha vez executada a obra de urbanización.

TITULO 2.- CRITERIOS DE DISEÑO

CAPITULO 1. Condicións xerais.

Artigo 11.- Condicións xerais

Esta ordenanza fixa, para a redacción dos proxectos de urbanización no Concello de Oleiros, uns criterios de deseño para as obras urbanizadoras, baseados en:

- criterios técnicos que sentarán as bases para os cálculos das distintas infraestructuras de servizos, firmes e pavimentos,...
- criterios económicos que fixarán as calidades mínimas dos materiais que se van empregar.
- nos materiais e instalacións xa establecidos no municipio para unha coherencia formal con outras partes da cidade e tamén para unha coherencia na funcionalidade das tarefas de mantemento.

Estes criterios poderán ser modificados polos/as proxectistas de modo xustificando, sendo aprobados ben no outorgamento da licencia (obra ordinaria) o ben na aprobación do proxecto de urbanización.

A aprobación dos proxectos non implica, en calquera caso, conformidade aos cálculos efectuados, os cales serán de exclusiva responsabilidade do/a proxectista.

En zonas de nova construción quedan terminantemente prohibidos os tendidos aéreos, sendo obrigatorio pasar os que xa existan, a instalación subterránea.

Artigo 12.- Deseño da rede viaria

O deseño da rede viaria será o correspondente ao que figura no planeamento precedente ao proxecto de urbanización.

As estradas de nova construción e as obras de acondicionamento, ensanche o modificación das existentes deseñaranse nas condicións que se estableceran polos organismos competentes das Administracións titulares das vías e por cantas sexan de aplicación das contidas nestas Normas.

En relación coa rede viaria, correspóndelle ao proxecto de urbanización soamente o desenvolvemento de:

A determinación e deseño do espazo peonil, adecuándoo á lexislación vixente sobre supresión de barreiras arquitectónicas e accesibilidade en espazos, segundo a normativa autonómica vixente en cada momento.

As beirarrúas terán un ancho mínimo de 1,80 m coas excepcións previstas na citada lexislación.

A determinación do paquete do firme viario.

O acordo das rasantes das distintas vías e a súa precisión para adecuar a totalidade das infraestructuras.

O deseño das interseccións.

A proposta de ordenación de tráfico, coa sinalización horizontal e vertical e semaforización incluída, se procedese.

Preferentemente utilizaranse pavimentos de materiais asfálticos na calzada dos viais principais, e pavimentos de formigón, adoquín o asfálticos para o resto de calzadas do sistema viario rodado e pavimentos pétreos, adoquín prefabricado ou pavimentos continuos para beirarrúas e rúas peonís.

En calquera caso teranse en conta os tipos de pavimentos existentes nas inmediacións e propoñeranse de similares características a estes sempre que cumpran as calidades antes sinaladas.

CAPITULO 2. Clasificación da Rede viaria.

Artigo 13: VÍAS INCLUÍDAS NOS SISTEMAS XERAIS DO P.X.O.M.

As redes interurbanas de estradas do sistema xeral defínense, clasifícanse e ordénanse segundo o disposto na “Ley 25/1988 de 29 de julio de Carreteras, de las Cortes Generales”, e as súas disposicións complementarias e regulamentarias, así como na Lei 4/94 de 14 de setembro do Parlamento de Galicia, de estradas de Galicia.

Segundo P.X.O.M. as estradas do sistema xeral clasifícaranse funcionalmente en.

TIPO I: Rede interrexional.

- . Autoestrada A.P-9. A Coruña – Santiago - Vigo.
- . Estrada N-VI. Madrid - A Coruña.
- . Eixe Ría do Burgo. AC-212 (Culleredo) N-IV (O Graxal).
- . AP-9/CP-1706 (A Barcala). Vial 17 Plan Sectorial.
- . AP-9/NVI (Nós). Vial 11. Plan Sectorial.
- . A-6/AP-9/NVI. (Cambre – Oleiros - Sada). Vial 13. Plan Sectorial.

TIPO II: Rede viaria comarcal.

- . Polígono Espírito Santo - A Gándara. AC-221. Vial 10. Plan Sectorial.
- . Vía Ártabra. Oleiros - Porto de Lorbé. Vial 19 e 19.1. Plan Sectorial.
- . Estrada AC-221. Nós N-VI - Mabegondo AC-542.
- . Estrada ACP-2114. O Temple - Cambre.
- . Estrada AC-174. Perillo N-VI - Oleiros.
- . Estrada CP-5813. Oleiros - Tarabelo (Sada).
- . Estrada AC-173. Perillo N-VI – Mera AC-163.
- . Estrada AC-5811. Santa Cruz-Oleiros.
- . Estrada AC-183. Sada AC-162 - Arillo AC-173.

- . Bastiagueiro-Lóngora.
- . Eixe Transversal. N-VI - Santa Cruz.
- . Circunvalación de Oleiros. Vial 20. Plan Sectorial.
- . Estrada AC-163. Sada AC-162 - Mera AC-173.
- . Estrada AC-182. Espírito Santo. N-VI - Oleiros.
- . Estrada CP-5815. Mera-Quintán.
- . Conexión A Barcala - AP-9 – AC-221.
- . Acceso Faro de Mera.
- . Acceso Porto de Lorbé. AC-163 - Porto de Lorbé.
- . Conexión camiño Mesón de Auga - O Coroto - O Vilar (Variante de Coroto).
- . Variante de Arillo. Conexión AC-173 - Vía Ártabra.

TIPO III: Rede viaria municipal.

- . Conexión A Fortaleza N-VI - Lamastelle. AC-174.
- . Circunvalación de Santa Cruz.
- . Circunvalación oeste de Oleiros.
- . Circunvalación leste de Perillo. AC-174.
- . Camiño das Cancelas. AC-175 - Montrove - AC-174.
- . Camiño ACV-1742. Santa Cruz - O Seixal.
- . Eixe - Lourido - A Besta - Agra.
- . Camiño de Mesón da Auga a Senra por Coroto.
- . Estrada ACP-2141. Oleiros - Pravio.
- . Camiño Raposeiras - Vilanova - A Gándara - T.M. Cambre.
- . Estrada AC-190. O Carballo. AC-180 - Sta. Cruz. AC-173
- . Estrada AC-180. O Carballo N-VI - Oleiros AC-174.
- . Estrada ACP-1811. Xubin-Pousada.
- . Estrada AC-181. Arillo AC-173 - Oleiros.
- . Estrada de Santa Cruz a Breixo por Aguieira.
- . Estrada ACP-1722. Santa Cruz-Meirás.
- . Estrada de Serantes a Lorbé por Suviaña, Buínte e Dexo.
- . Variante de Mera de Cabreira a Acceso Faro de Mera (3 treitos).
- . Variante de Lorbé.
- . Enlace Eixe transversal - AC-190.
- . Variante de Xaz.

A Normativa do Plan Xeral establece as condicións xerais de deseño das vías do sistema xeral viario.

Artigo. 14: VÍAS QUE CONFORMAN O SISTEMA LOCAL VIARIO:

Son as vías xa existentes ou resultantes do planeamento de desenvolvemento (parcial o especial) que completan o acceso rodado e peonil público desde o sistema xeral viario aos edificios e terreos.

TIPO IV: conxunto de camiños complementarios e transversais á rede de estradas que completan as relacións dos núcleos de poboación e estruturan o territorio municipal, segundo se delimita nos planos de ordenación. Estas vías terán en solo rústico unha sección mínima total de 12 metros entre límites de propiedade e, en todo caso, as liñas de cerramento situarase, en xeral, a 6 metros do eixe.

Considéranse vías tipo IV:

- . ACP-1813 de Pousada a Edreira.
- . ACP-1635 de Lorbé a Praia de Portela.
- . ACP-1721 de Mera a Maianca seguindo a Broño e T.M. de Sada.
- . Camiño de Vilar a Morzán.
- . Camiño de Breixo a Abeleiras por Talagra e Couto.
- . Camiño de O Cubo a Dexo e Buínte.
- . Camiño de Agra a Fornos.
- . Camiño de Bastiagueiro a AC-174 por Lagarteiras.
- . ACP-1743 Treito A Pezoca-Oleiros.
- . Camiño de Morzán a Iñás.
- . Camiño de Seara á AC-2210 por A Gándara.
- . Estrada de Batán a Vilar.

TIPO V: O resto de camiños e sendas de uso e dominio públicos. Nestas vías, as liñas de cerramento en solo rústico situarase, en xeral, a 6 metros do eixe. A condicións de aliñación e sección na rede viaria local queda definida en solo urbano nos planos de ordenación do Plan Xeral e, nos ámbitos subordinados ao planeamento ulterior, polos documentos que o desenvolvan.

Artigo.15.- CONDICIÓNS XERAIS DE DESEÑO DA REDE URBANA.

Tódalas vías da rede deberan te-las súas calzadas pavimentadas, estar dotadas de bordos de beirarrúa e dispor dos sistemas de drenaxe e escorrentía adecuados segundo as Normas específicas tipo que o Concello elabore. En xeral e sen prexuízo do establecido en planos de ordenación, non se realizarán novas vías con destino á circulación rodada de menos de 12 metros de ancho de sección transversal. Admitiranse seccións menores en áreas consolidadas, onde pola súa singularidade, as edificacións e construcións existentes fagan inviable o ancho tipo determinado anteriormente.

A rede viaria urbana ordenarase baixo o criterio xeral das seccións tipo seguintes:

Vía tipo 23 m.	Calzada 7 m. Aparcamentos 5 m. Carril bicicletas 2 m. Beirarrúas con arboredo 9 m.
Vía tipo 16 m.	Calzada 6 m. Aparcamentos con arboredo 5 m. Beirarrúas 5 m.
Vía tipo 12 m.	Calzada con aparcamento 8 m. Beirarrúas 4 m.
Vías tipo 8 m.	Calzada 5 m. Beirarrúas 3 m ou pavimento continuo en beirarrúas. As seccións intermedias que resulten da aplicación das aliñacións do Plan dimensionaranse por interpolación da seccións tipo.

Achéganse como Anexo 2 as seccións estándar de cada unha das vías tipo. Estas seccións deberanse tomar como referente de partida para as novas aperturas de rúas en proxectos de urbanización e para as reurbanizacións completas de rúas.

Nas obras ordinarias de urbanización que completen os servizos e acabados de superficie en solos urbanos adaptaranse estas seccións tipo á xeometría posible, servizos xa existentes e disposición dos mesmos, sempre de acordo cos servizos técnicos municipais.

Artigo 16.- Dimensionamento dos pavimentos das vías

A pavimentación das vías incluídas nos viais principais rexerese pola Orde FOM/3460/2003, de 28 de novembro, pola que se aproba a Norma 6.1 y 2-IC "Seccións de firme", ou normativa posterior que a substitúa.

No resto do viario terase en conta as "Recomendacións para el proxecto y deseño del viario urbano" do Ministerio de Fomento. En caso de pavimentos discontinuos estudarase a construción de bases de formigón en substitución de espesores equivalentes de zorra contemplada nas recomendacións citadas. A pavimentación de beirarrúas e calzadas farase tendo en conta as condicións do soporte e as do tránsito que discurrirá sobre el, así como as que se deriven dos condicionantes de ordenación urbana e de integración ambiental.

Artigo 17.- Criterios xerais de deseño da pavimentación das vías.

A separación entre as áreas dominadas polo peón e os vehículos manifestarase de xeito que queden claramente definidos os seus perímetros sen que sexa imprescindible que se produza mediante diferenza de nivel. A tales efectos diversificaranse os materiais de pavimentación de acordo coa súa diferente función e categoría, circulación de persoas ou vehículos, lugares de estancia de persoas, estacionamento de vehículos, rúas compartidas, cruces de peóns, pasos de carruaxes, carril bici, etc.

En travesías e vías de penetración recoméndase o cambio da textura do pavimento da calzada, respecto do existente nas estradas, aínda utilizando materiais análogos, co obxecto de facilitar unha mellor diferenciación entre o urbano e o interurbano.

Nas zonas de estacionamento aconséllase o emprego de pavimentos diferenciados. As xuntas que se prevexan nestes pavimentos dispoñeranse convenientemente para orientar o mellor aparcamento.

Cando existan desniveis na proximidade inmediata das vías, estes trataranse de forma que os taludes e terrapléns que sexan necesarios teñan unha pendente que impida o corremento de

terras, colocando muros de contención nos lugares necesarios, podendo non corresponderse a rasante da calzada coa das beirarrúas en contacto coa aliñación oficial.

Os materiais de pavimentación, elixiranse de acordo cun código funcional que distinga a categoría do espazo: circulación, peonil, estancia de persoas e de vehículos, uso conxunto de persoas e de vehículos, etc.

O solo de prazas e beirarrúas resolverase con materiais que non dificulten a circulación das persoas e de vehículos de man.

As tapas de arquetas, rexistros, etc. orientaranse tendo en conta as xuntas dos elementos do pavimento e nivelaranse co seu plano de tal forma que non resalten sobre o mesmo.

As diferencias de nivel entre distintos pavimentos resolveranse con bordos ou outros elementos de separación que definan claramente os seus perímetros.

Só se permitirán os rebaixes nos bordos e beirarrúas correspondentes ás pasaxes peonís, quedando totalmente prohibidos os rebaixes destinados ao acceso de vehículos (garaxes, acceso a propiedades particulares, etc.), que deberán ser resoltos mediante o emprego de ramplas metálicas situadas e demarcadas na calzada e debidamente ancoradas ao pavimento e que non impidan a circulación da auga que discorra pegada ao bordo.

Cando se desexe poñer de manifesto os pasos de carruaxes usaranse diferencias de pavimentos en cores e/ou texturas.

Nas beirarrúas, as reixas de ventilación de redes e outros elementos soterrados, deseñaranse de tal xeito que non supoñan risco de caída por enganche de calzado.

Como norma xeral procurarase que a pendente das rúas non supere o 4%. En rúas con pendentes superiores ó 6% de tráfico denso ou tráfico industrial, e nas restantes rúas con pendente superior ao 8% será recomendable dispoñer un pavimento antiesvarante.

Esta precaución será obrigatoria para pendentes superiores ao 8% nas primeiras e ao 10% nas segundas.

A pendente mínima será do 0,8%. Admitiranse excepcionalmente pendentes menores sempre que o proxecto resolva axeitadamente a drenaxe da plataforma, utilizando rigolas, ampliando a frecuencia de sumidoiros, etc.

No acondicionamento das marxes empregaranse contencións vexetais que se acompañarán preferentemente con aliñacións de árbores.

Artigo 18.- Rúas compartidas:

Son rúas compartidas aquelas que poden ser utilizadas indistintamente por peóns e vehículos; ten, por tanto, un carácter local e, especificamente, son propias das áreas residenciais.

Ningunha rúa compartida poderá ter unha intensidade de tráfico incompatible co carácter de estancia da zona.

Evitarase a impresión de separación ríxida entre calzada e beirarrúa. Por conseguinte, non existirán diferencias físicas notables entre os distintos elementos da sección transversal da rúa. As bandas que, visualmente, dean a impresión de separar-lo espazo peonil do vehicular deben interromperse cada vintecinco (25) metros, de maneira perceptible para o usuario, mediante elementos singulares tales como tarros de plantas, árbores, etc., que non prexudicarán a visión dos peóns.

As entradas e saídas das rúas compartidas deben recoñecerse como tales pola súa propia ordenación e, na medida en que sexan utilizables por vehículos, trataranse de forma análoga ós accesos de garaxes e aparcamentos. Os accesos ás rúas de coexistencia indicaranse mediante sinalización preferentemente horizontal.

Dispoñeranse ordenacións e dispositivos específicos nas distintas partes da zona de coexistencia destinadas á circulación vehicular, de xeito que os vehículos circulen “ó paso”. A distancia que separe estes elementos de ordenación non debe supera-los cincuenta (50) metros. Estas ordenacións poden ser ondulacións do pavimento, itinerarios serpenteantes, etc.

Se se dispuxesen espacios especialmente deseñados como áreas de xogo, diferenciaranse con claridade dos destinados á circulación. É recomendable que estas áreas de xogo estean fisicamente separadas dos espazos utilizables por vehículos.

Artigo 19.- Estacionamentos na vía pública

Os estacionamentos que se establezan nas vías públicas non interferirán o tránsito por estas, cumprindo as condicións dimensionais mínimas que se sinalan a continuación:

Unidireccional (a un ou a ambos lados):

- Aparcamento en liña, dous con vintecinco (2,25) metros.
- Aparcamento en batería, cinco (5) metros.
- Aparcamento en espiña, catro (4) metros.

Bidireccional:

- Aparcamento en liña, dous con cincuenta (2,50) metros.
- Aparcamento en batería, seis (6) metros.
- Aparcamento en espiña, cinco (5) metros.

Cada tres (3) prazas de aparcamento recoméndase a plantación dunha árbore que, ademais de aportar sombra, discipline a posición dos vehículos.

Estableceranse as reservas de prazas especiais para usuarios con mobilidade reducida das dimensións e na proporción previstas na Lei 8/1997 de Accesibilidade e Supresión de Barreiras Arquitectónicas.

Artigo 20.- Carrís para bicicletas.

Na pavimentación dos carrís-bicicletas, cando estes acompañan a calzadas destinadas ó tránsito de vehículos, recoméndase o cambio de materiais e/ou textura do pavimento de calzada. A separación entre ámbalas dúas calzadas realizarase preferentemente coa introducción de elementos de protección vexetais sempre que a dimensión global o permita; en rúas e travesías urbanas aconséllase dispoñer unha banda de aparcamento formalizado entre ámbalas dúas calzadas.

En canto á separación do carril-bicicleta coas beirarrúas ou viario peonil, realizarase preferentemente con cambios de material, desaconsellándose o emprego de bordos ou outros elementos de separación cando a dimensión do carril-bicicleta sexa inferior a 1,80 m.

A implantación de pistas de bicicletas nas estradas e vías municipais realizarase preferentemente acompañando o trazado das mesmas, mantendo unha banda de separación entre a calzada e a pista de bicicletas que permita albergar los restantes elementos funcionais da estrada (beirarrúa, taludes, gabias) e eventualmente, a plantación de arboredo.

Como norma xeral, procurarase que a pendente das pistas de bicicletas non supere o 5%, admitíndose en casos excepcionais pendentes en torno ó 7%.

Artigo 21.- Franxas de reserva.

Nas franxas de reserva para previsión dos axustes de deseño nas novas vías, non poderá executarse ningunha obra que puidera dar orixe ó aumento do valor da súa posible expropiación. Unha vez rematado o trazado definitivo, utilizarase o solo da franxa de reserva para o destino que o instrumento de desenvolvemento sinalase

Artigo 22.- Camiños rurais.

O acondicionamento dos camiños municipais de carácter rural realizarase preferentemente con pavimentos brandos de carácter granular ou pavimentos pétreos asentados sobre area, evitándose no posible o emprego de regas e pavimentos asfálticos. No acondicionamento das súas marxes empregaranse contencións vexetais que se acompañarán preferentemente con aliñacións de árbores.

Artigo 23.- Accesibilidade e Supresión de Barreiras Arquitectónicas:

No deseño e disposición dos elementos de pavimentación (incluídas tapas de arquetas, rexistros e reixas) estarase ó disposto na Lei 8/1997 de Accesibilidade e Supresión de Barreiras Arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia e no seu Anexo, así como ó Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de Accesibilidade e Supresión de Barreiras Arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 24.- Proposta de ordenación de tráfico

En función de criterios de capacidade das vías de nova planta, así como do tráfico existente lindante incluírase unha proposta de regulación do tráfico nos proxectos, incluída a sinalización (vertical e horizontal) e a semaforización se fose necesaria.

En todo caso, en todos os cruzamentos das vías de sistemas xerais deixarase a reserva de canalización para a rede de semáforos, coa posibilidade de poder interconectar todos os cruzamentos para sincronizar os semáforos nun futuro.

As canalizacións da rede de semáforos terán as mesmas características que a rede de iluminación pública que se describirá ao longo da presente ordenanza.

En canto á sinalización horizontal, utilizaranse pintura acrílica antiesvarante nas liñas, mentres que nos símbolos e pasos de peóns a pintura que se debe utilizar será de dous compoñentes antiesvarantes.

En canto á sinalización vertical, serán de clase III.

Os sinais verticais xerais de tráfico concentraranse na entrada de cada treito de rúa, de preferencia adosados sobre a fachada dos edificios ou sobre o muro de cerramento, inmediatas ás placas de denominación.

Os sinais verticais particulares de tráfico situaranse, de preferencia, adosados ás fachadas dos edificios ou nos cerramentos das parcelas e evitarase no posible o encravamento de postes, sexa nos bordos ou nas inmediacións das aliñacións.

A disposición e características dos sinais verticais estarán ó previsto neste artigo 24 e na Sección 3ª da Lei 8/1997.

Artigo 25.- Pavimentos de zonas peonís

As zonas peonís serán deseñadas e dimensionadas polo/a propio/a proxectista, e sempre cumprindo o establecido na normativa autonómica de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

Beirarrúas.

No caso de beirarrúas de vías contidas en instrumentos de planeamento integral establécese un ancho mínimo de 1,80 m. utilizándose o material proposto polo proxectista que quedará aprobado co proxecto de urbanización.

Nos proxectos de obras ordinarias resolveranse as beirarrúas:

- Na zona urbana con adoquinado prefabricado de formigón bicapa.
- Nas zonas de transición admitiranse ademais mezclas bituminosas.

As beirarrúas de adoquíns realizaranse sobre un leito de area de 5 a 10 cm. de espesor cunha dosificación arena/cemento 1/10, feita sobre unha soleira de formigón de 10 cm e unha subbase granular de 15 cm de grosor formada por balasto artificial. En calquera caso estarán sempre confinados por elementos continuos de encintado ou muretes de contención cando as parcelas colindantes estean a diferente nivel.

Como norma xeral, baixo a beirarrúa recolleranse todos os servizos urbanísticos con excepción da rede de pluviais, que irá xeralmente pola calzada. No anexo 2 incorpóranse como referencia seccións tipo dos viarios

As redes de iluminación e semaforización aloxaranse na subbase granular de balasto.

Rúas peonís.

Para a realización das rúas peonís só se utilizarán en xeral materiais pétreos e adoquíns prefabricados, abríndose a posibilidade á utilización de lastro e utilizándose o material proposto polo proxectista que quedará aprobado co proxecto de urbanización.

En sendeiros de zonas verdes ou espazos libres poderán usarse firmes granulares cun grado de compactación suficiente para permitir de xeito regular o uso con cadeiras de rodas. Poderán usarse tamén mezclas bituminosas.

A aprobación dos proxectos de urbanización e o outorgamento da licencia implica a conformidade aos materiais, calidades e cores previstos.

Bordos.

Defínense como bordos as pezas de pedra ou elementos prefabricados de formigón de dobre capa colocados sobre unha soleira adecuada que constitúen unha faixa ou cinta que delimita a superficie peonil ou de acceso prohibido ao tráfico.

O bordo executarase en material acorde ao pavimento da beirarrúa, é dicir, para adoquíns prefabricados e baldosa hidráulica bordo de formigón prefabricado de dobre capa e para adoquíns ou baldosa pétreo, bordo tamén pétreo.

CAPITULO 3.- REDE DE SANEAMENTO

Artigo 26.- Condicións xerais.

A rede de saneamento proxectarase sempre mediante un sistema separativo, prohibíndose mezclar augas residuais (grises ou negras) coas pluviais. Os desaugues das piscinas se conectarán á rede de fecais.

Os materiais utilizados estarán homologados polas normas UNE vixentes para cada un deles. Serán plásticos ata 400 mm. de diámetro, con resistencia ao aplastamento SN-4 nos de PVC e SN -8 no resto. Para diámetros de 500 mm. e maiores poderase empregar tamén formigón e poliéster reforzado de fibra de vidro. No caso de novos materiais non recollidos nesta ordenanza será necesaria a autorización expresa dos técnicos municipais designados a este efecto.

Como norma xeral, tanto para pluviais como para fecais os pozos de rexistro serán estancos, e realizaranse mediante aros de formigón, colocados sobre a base previamente formigonada de xeito que quede asegurada a estanquidade do pozo e das xuntas mediante o revestimento destas cun material impermeable. Nas zonas nas que o nivel freático o aconselle, serán de formigón "in situ" ou estancos feitos con polipropileno ou PRFV.

As conducións serán soterradas, seguindo o trazado da rede viaria ou espazos libres públicos. Salvo imposibilidade técnica, o recubrimento mínimo do entubado medido desde a súa xeratriz superior, será de 1,25 m, e en residuais de 1,0 m para zonas non rodadas e 1,5 m para zonas rodadas, debendo situarse en todo caso a nivel inferior ás conducións de abastecemento circundante, e nunca a menos de 0,30 m de distancia, e cas separacións que detalla a norma europea EN 1610.

Se debido a problemas de espazo, pola ubicación das distintas infraestructuras soterradas, tanto nas beirarrúas como nas calzadas, non fose posible respectar as normas e houberse problemas de separación ou altura. Os técnicos municipais coa empresa concesionaria da xestión do servizo tomarán as decisións que consideren necesarias.

Poderán utilizarse calquera dos materiais prescritos no Prego de Prescricións Técnicas Xerais para entubados de saneamento de poboacións (MOPU/86), coas condicións sinaladas nel.

Os diámetros interiores mínimos das conducións serán:

250 mm. nas xerais, tanto para pluviais como para residuais ou fecais,

125 mm. nas acometidas domiciliarias de fecais, en todos os casos, incluso as vivendas unifamiliares. Sempre se conectará a un pozo, prohibíndose a conexión directa a tubo, nin con accesorios especiais.

160 mm. a recollida das baixantes dos tellados e o drenaxe das parcelas en vivenda illada, apegada ou pareada, que se conectarán directamente a un sumidoiro o a un pozo de rexistro, pero nunca directamente á rede de pluviais.

As xuntas deberán ser estancas. Utilizarase preferentemente a solución elástica mediante xunta de goma. Prohíbese a utilización de unións rixidas de corchete, salvo que se xustifique mediante un tratamento adecuado a impermeabilidade das mesmas. Os pozos, arquetas e sumidoiros deberán ser estancos, debendo tratarse adecuadamente as superficies que estean en contacto coa auga.

Construiranse pozos de rexistro de ancho interior mínimo 1,00 m, cada cincuenta (50) metros, e en cada cambio de dirección e/ou rasante.

Nos pozos de rexistro colocaranse tapas de fundición dúctil do modelo que indiquen os técnicos municipais.

As obras especiais de aliviadoiros ou sifóns dispoñerán de pozos de limpeza á entrada e á saída.

Tanto para o estudo de evacuación de residuais como de pluviais terase en conta por un lado o ámbito de desenvolvemento do proxecto, e por unha parte os posibles caudais provenientes de augas arriba da zona a desenvolver, actuais ou previstas nos plans urbanísticos, así como as incidencias que poidan producir os novos caudais evacuados augas abaixo.

Tódolos elementos, tapas, sumidoiros, rexistros, etc., serán homologados como resistencia D-400 tanto na calzada como na beirarrúa.

Artigo 27.- Cálculo da rede de fecais.

Os datos a ter en conta a hora de calcular o caudal do saneamento son os seguintes:

a) Datos relativos ao sector saneado:

- Número de habitantes, H
- Superficie do sector ocupada polas industrias, S_i

b) Datos relativos ao abastecemento:

- Dotación destinada a usos domésticos, D_d
- Dotación destinada a usos industriais, D_i

Con estas notacións, o caudal medio diario de augas residuais, Q_m , xerado por este sector, calcúlase mediante a relación:

$$Q_m = Q_m^d + Q_m^i = \frac{H * D_d}{86.400} + \frac{S_i * D_i}{86,4}$$

na que:

Q_m = Caudal medio diario total, en litros por segundo (l/s)

Q_m^d = Caudal medio diario doméstico, en litros por segundo (l/s)

Q_m^i = Caudal medio diario industrial, en litros por segundo (l/s)

H = Número de habitantes.

S_i = Superficie para usos industriais, en hectáreas (ha)

D_d = Dotación para usos domésticos, en litros por habitante e día (l/hab. * día)

D_i = Dotación para usos industriais, en metros cúbicos por hectárea e día (m³/ha * día)

Unha vez deseñado, en planta, o trazado da rede de saneamento de augas residuais, obterase o caudal medio diario en cada sección do colector, aplicando á conca vertente desta sección á ecuación anterior.

Artigo 28.- Cálculo do caudal de proxecto.

O caudal que utilizaremos para o deseño hidráulico das conduccións será o caudal punta no ano horizonte considerado. Isto obterémolo calculando o caudal medio para a dotación prevista no ano horizonte considerado, e a partir deses caudais calcularase el caudal punta. Este caudal punta obterase a partir das seguintes fórmulas:

- Para caudais medios maiores de 2 l/seg.:

$$Q_{Dp} = Q_{Dm} + 2,6 (Q_{Dm})^{0,7} \text{ (l/seg)}$$

- Para caudais medios menores de 2 l/seg:

$$Q_{dp} = 5,5 (Q_{Dm})^{0,2} \text{ (l/seg)}$$

Este caudal xunto coas pendentes de cada tramo, determinará a elección da sección da tubaría.

Para verificala idoneidade da elección da sección, comprobarase que se cumpren as condicións de autolimpeza que a continuación enuméranse:

1. A velocidade de circulación correspondente a un caudal igual ao caudal a sección chea, deberá ser igual ou maior a 0,50 m/s
2. A velocidade de circulación correspondente a unha altura de cheado igual a dous décimos do diámetro, debe ser igual ou superior a 0,30 m/s.

Consideramos unha dotación por habitante de 250 l/día no ano actual e, tendo en conta o carácter residencial da zona e os equipamentos que conleva, 350 l/día no ano horizonte.

Por establecer un coeficiente de seguridade no crecemento da poboación, e dado o que se está producindo no noso municipio, suporemos que cada vivenda afectada polo saneamento terá 5 residentes no ano horizonte.

Para usos industriais, a rede dimensionarase, como mínimo para un consumo de medio (0,5) litros por segundo e hectárea bruta. O consumo máximo para o cálculo obterase multiplicando o consumo medio diario por dous con tres (2,3).

Terase en conta que a velocidade mínima admisible do efluente será de 0'5 m/sg para evitar sedimento, e a velocidade máxima admisible será de 5 m/sg, en materiais plásticos e 3 m/sg en formigóns para evitar a erosión nos entubados.

Se as velocidades fosen inferiores instaláranse, en cabeceira dos ramais, cámaras de descarga automática de auga limpa. A capacidade destas será de cero con cinco (0,5) metros cúbicos para os sumidoiros de trinta (30) centímetros e dun (1) metro cúbico como mínimo para as restantes.

A rede xeral solo admitirá vertidos dos chamados domésticos, polo que calquera outro haberá de tratarse en orixe.

Artigo 29.- Rede de pluviais.

Considerando que as urbanizacións supoñen un importante cambio nas características hidromecánicas dos solos do ámbito, a realización da rede de pluviais debe intentar cambiar o menos posible os coeficientes de escorrentía do terreo. No desenvolvemento das novas actuacións de urbanización deberanse toma-las medidas oportunas para inverte-los actuais graos de impermeabilización nas urbanizacións (próximos ó 90%) por uns máis acordos co ciclo hidrolóxico natural (escorrentas de aproximadamente un 10%), para así evita-la contaminación por arrastre e a xeración de grandes caudais augas abaixo dos núcleos urbanos. Para iso estudíaranse sistemas que só transporte a auga sobranse en orixe, permitindo que o coeficiente de escorrentía dos terreos previos á urbanización non varíen ou o faga minimamente.

De acordo co anterior, será obrigatorio nas urbanizacións:

1. Reter as augas de chuvia das parcelas na maior porcentaxe posible en orixe, minimizando o aporte desta auga á rede pública.
2. Establecer sistemas nas zonas públicas que no supoñan a impermeabilización dos terreos, minimizando o cambio de caudal de escorrentía da conca ocupada pola urbanización.

Estes sistemas deberán ser aprobados polo Concello.

Artigo 30.- Cálculo da rede de pluviais.

Para o cálculo dos caudais de aporte á rede, recoméndase o método racional, seguindo as indicacións da instrucción 5.2. IC "drenaje superficial" publicada polo Ministerio de Fomento, considerando a precipitación máxima aportada pola estación metereolóxica máis próxima, e tomando como período de retorno $T = 10$, excepto cálculo de avenidas de arrosos, nos que o período de retorno será de 500 anos.

Non se considera preciso realizar ningún cálculo para estima-lo atraso na acumulación de caudais en concas vertentes inferiores a vinte (20) hectáreas. En concas superiores será obrigado facelo.

Os aliviadoiros de crecidas dimensionaranse, salvo xustificación expresa, para unha dilución 5:1 (cinco partes de auga de chuvia e unha parte de augas negras), situándose tan próximos ás canles naturais como sexa posible. Dispoñerán de pozo de limpeza.

Artigo 31.- Aperturas de gabias en obras ordinarias de urbanización.

As tubarias se apoiaran en todo caso sobre leito de area, evitando a posible acción de pedras ou elementos punzantes na tubaria.

A compactación da gabia será como mínimo un 95 % do proctor modificado, exixíndose ensaios de empresa de control de calidade homologadas.

A anchura da reposición do pavimento mínima aceptada é de 0,70, sendo de 1 metro cando se canalicen máis dun servizo na mesma gabia.

A entibación da gabia será obrigatoria para profundidades maiores a 1,50 metros.

Non se permitirá ter, en zonas abertas ao público máis de 100 metros lineais de gabia sen reposición.

Será obrigatorio valar totalmente a gabia (valo con valo) por ambos lados, deixando paso ás entradas existentes a parcelas.

Artigo 32.- Bombeos.

Nos casos en que sexa necesario bombea-las augas do saneamento ata a rede xeral, as bombas aloxaranse en foso feito no terreo, compartimentando de xeito que as bombas traballen en seco. Será obrigatorio instalar un sistema de desbaste previo autolimpante. Tamén exixirase que exista, alomenos, unha bomba de reserva.

Instalarase un cadro de telecomando compatible con un dos dous sistemas cos que conta o Concello, integrándose así o bombeo no sistema de control remoto dos bombeos.

Tódolos elementos do bombeo, excepto o cadro de control no caso dos de pequeno tamaño, estarán soterrados.

CAPITULO 4.- REDE DE ABASTECIMIENTO

Artigo 33.- Condicións xerais.

O sistema de distribución de augas que se utilizarán como norma xeral será MALLADO. Tan só se admitirán ramais ramificados cando a lonxitude destes sexa inferior a 50 m e non subministre máis de tres abonados, sempre que non sexa posible darlle continuidade a tubaria. Neste caso os ramais contarán con dispositivo de desaugue á rede de saneamento. Calquera solución que non respecte este criterio só será admisible previa unha xustificación detallada en termos económicos e funcionais.

Artigo 34.- Bases para o cálculo hidráulico da rede de distribución de auga

Emplearase para o cálculo o método aportado nos artigos destinados a normalizar o saneamento (artigos 27 e 28).

Tódolos proxectos de abastecemento deberán incluír unha xustificación hidráulica da solución adoptada. Cando a adopción dos diámetros mínimos sexan superiores ós que resultarían esixibles polos cálculos, bastará cunha comprobación do funcionamento hidráulico nas hipóteses máis desfavorables. Cando se desenvolvan áreas ou sectores de nova creación esixirase un cálculo pormenorizado.

A velocidade da auga nos tubos principais deberá estar comprendida, salvo xustificación razoada en contra, entre 0,5 e 1,8 m/s.

Ademais da hipótese de consumos normais teranse en conta as diferentes hipóteses necesarias para que se garanta o sistema contra incendios.

Preveranse bocas de rego cada 100m aproximadamente para a limpeza viaria. As bocas de rego deberán ser DN-40mm PN-16atm de fundición GGG-50 (nodular) con recubrimento de pintura Epoxi Azul, a entrada para conexión será con brida PN-16atm DIN-2532/33 e a saída con racor tipo Barcelona UNE 23400 DN-45mm. A carcasa ou arqueta, e tapa da mesma serán de fundición GGG-50 (nodular) resistentes ao paso de vehículos pesados.

Artigo 35.- Entubados que hai que empregar na rede de abastecemento

En xeral os entubados que hai que empregar na rede de abastecemento para diámetros nominais ≥ 100 mm. serán de fundición dúctil con xunta flexible tipo enchufe.

Para diámetros nominais inferiores a 100 mm. admitirase tamén a utilización de entubados PVC de 90 e 75mm de diámetro con xunta elástica e cumpran ca norma UNE-EN 1452. Para diámetros inferiores a 75mm de diámetro se utilizarán entubados de polietileno PE100 e cumpran a UNE-EN 12201. Con referencia os entubados de PVC e polietilenos as presións nominais estarán no rango de 10 a 16 Kg/cm². Para presións maiores utilizaranse elementos reductores ou entubados de fundición dúctil.

Nunca se deberán usar entubados con xuntas soldadas ou pegadas.

Os diámetros nominais poderán utilizarse na rede de distribución serán de:

- 100, 150, 200, 250, 300 e 400 milímetros sempre en fundición dúctil.
- 90 e 75 milímetros en PVC.
- 63 milímetros en Polietileno.

Non se admitirán diámetros inferiores a 63mm máis que para realización das acometidas.

Na rede viaria pública o diámetro mínimo que se utilizara nas redes xerais de distribución de auga será de 100mm.

As probas ás que se someterán os entubados instalados serán:

- 1.- Probas de presión interior.
- 2.- Probas de estanquidade.

As probas realizaránselle ao cento por cento do entubado montado.

Nos cruzamentos de debaixo da calzada utilizaranse entubados de fundición debidamente protexidos. Primeiro o entubado será recuberto con area compactada e enriba un capa de formigón con un espesor mínimo de 15cm.

Os entubados deberán situarse a un nivel superior ó dos sumidoiros circundantes.

Os tubos, válvulas e pezas especiais dispoñeranse coa timbraxe suficiente para garanti-la estanquidade e durabilidade da rede. A presión normalizada de proba en fábrica non será inferior, en ningún caso, a 10 atmosferas.

Os materiais cumprirán as condicións requiridas no Prego de Condicións Técnicas Xerais para entubados de abastecemento de auga (MOPU 1974).

Tódalas acometidas dispoñerán de chave de paso rexistrable na vía pública.

Artigo 36.- Gabias para aloxamento dos entubados de abastecemento de Auga

A profundidade a que deberán estar os entubados de distribución de auga dependerá do diámetro do entubado como se indica na seguinte táboa:

- | | | |
|--|---|--------------|
| - Entubados ata 100mm de diámetro | ⇒ | 0,70m |
| - Entubados entre 100mm e 200mm | ⇒ | 1,00m |
| - Entubados de máis de 200mm de diámetro | ⇒ | 1,30m |

En canto ao ancho será o suficiente para que realicen o traballo os operarios en boas condicións o que significa que o ancho mínimo da gabia será o indicado na seguinte táboa:

Ancho mínimo de gabia (A_z)

- | | | |
|-----------------------------------|---|---|
| - Entubados ata 200mm de diámetro | ⇒ | $A_z = \varnothing n + 0,40m$ |
| - Entubados entre 100mm e 200mm | ⇒ | $A_z = \varnothing n + 0,50m$ |

Os entubados deberán sempre ser recubertos por area compactada ata un mínimo de 10cm por enriba da copa do tubo, o recheo de enriba será de zorra artificial compactada a un 95% do proctor modificado certificado por empresa de control homologada. Farase en tongadas de 30cm e por ultimo irá o pavimento indicado no proxecto de urbanización.

A anchura da reposición do pavimento mínima aceptada é de 0,70 metros.

A entibación da gabia será obrigatoria para profundidades maiores a 1,50 metros.

Non se permitirá ter, en zonas abertas ao público máis de 100 metros lineais de gabia sen reposición.

Será obrigatorio valar totalmente a gabia (valo con valo) por ambos lados, deixando paso ás entradas existentes a parcelas.

Sempre se instalarán os entubados de abastecemento de auga por enriba dos entubados de recollida de augas fecais e coas separacións que detalla a norma europea EN 1610.

Se debido a problemas de espazo, pola ubicación das distintas infraestructuras soterradas, tanto nas beirarrúas como nas calzadas, non fose posible respectar as normas e houbese

problemas de separación ou altura. Os técnicos municipais coa Empresa concesionaria da xestión do servizo tomarán as decisións que consideren necesarias.

Artigo 37.- Pezas a colocar nas redes

Defínense como pezas tódolos elementos que colocados entre os tramos das tubarias da rede, permiten dar continuidade a mesma e permiten cambios da dirección ou da sección, derivacións e empalmes con outros elementos.

Na Rede Xeral de Abastecemento e Distribución de auga potable, as pezas serán:

- *Para diámetros superiores a 75mm* → As Pezas serán de Fundición Dúctil bridadas
- *Para diámetros inferiores a 75mm* → As Pezas serán de Fundición Dúctil, Latón-bronce ou Polietileno (este último deberá ser aceptado pola empresa concesionaria para a súa utilización)
- *En acometidas* → As Pezas serán na súa totalidade de latón-bronce

Artigo 38.- Pezas ou elementos singulares da rede

Defínense como Pezas ou Elementos Singulares da rede, aqueles elementos que contribúen á mellor funcionalidade das redes, como son: as válvulas de corte, as acometidas, as reductoras de presión, as ventosas, os desaugues, e aqueles outros elementos necesarios para garantir unha eficaz protección contra incendios das zonas urbanas abastecidas pola rede de distribución de auga, como son: as bocas de rego e os hidrantes.

Artigo 39.- As Válvulas de Corte

As válvulas que se deben empregar entre diámetros de tubo de 300mm e 75mm serán de comporta de asento elástico con bridas. A presión de traballo nunca será inferior a PN-16atm. As características dos distintos compoñentes serán:

- *Vástago:* De aceiro inoxidable St 1.4021 *xunta Tórica:* Feita de NBR segundo DIN 3770 e aloxada directamente no casquete sólido dunha soa peza.
- *Xunta tórica:* Feita de NBR segundo DIN 3770
- *Collarín de empuxe:* Latón extruído Ms 58 segundo DIN 17660
- *Sello traseiro:* de NBR.
- *Casquete:* Feito en fundición dúctil GGG 40 DIN 1693 cun deseño dunha soa peza sólida –sen pernos- revestido con epóxido interior e exteriormente.
- *Corpo:* Feito en fundición dúctil GGG 40 DIN 1693 e revestido con epóxido interior e exteriormente.
- *Cuña ou comporta elástica:* Feita en fundición dúctil GGG 40 DIN 1693 recuberta de goma de nitrilo (shore 68) perfectamente adherida a cuña por vulcanización e con purga de fondo.
- *Paso:* Paso de auga libre, obstrucións, sen caixa de asento nin trampa de residuos.

- *Perforacións das bridas:* Segundo normas DIN.

As válvulas que se empregarán nos entubados de diámetros inferiores a 75mm serán válvulas de esfera provistas de cuadradillo de manobra 30×30mm. Estas válvulas serán sempre de bronce-latón.

As válvulas de corte como norma xeral se disporán en tódolos ramais de saída dun no da Rede de Distribución de Auga, ademais, os tramos rectos da Rede sectorizaranse cunha válvula de corte a unha distancia máxima de 250m debido a criterios de funcionalidade e explotación.

A válvula non irá nunha arqueta. A zona da gabia na que se sitúe encherase con zavorra artificial ou area de canteira deixando unha camisa en tubo de polipropileno corrugado de diámetro 160mm que irá dende a cabeza da válvula ata a superficie. Enriba a nivel do vial ou da beirarrúa, protexeráse esta camisa cun plafón de fundición co distintivo modelo Auga de Oleiros.

Artigo 40.- Acometidas a vivendas individuais ou acometida estándar

Este tipo de acometidas é a máis común da rede de abastecemento. A medida da acometida estándar está normalizada en diámetro exterior de 32mm (diámetro interior de 1"), previndo o consumo dunha vivenda unifamiliar, con contador de 13 ou 15 mm. de paso.

Este tipo de acometidas tamén colocarase naqueles locais comerciais que non soliciten expresamente unha acometida cun paso superior debido a necesidades dun maior caudal de auga.

Ditas acometidas realizaranse con polietileno de alta densidade de 16 ATM de presión de traballo. Todas as pezas de conexión serán de bronce ou latón. O collarín da acometida será de bandos que cumpra a Norma DIN 17066 e cabezal universal segundo norma DIN 2999 sempre que a tubaría onde vaia enganchada a acometida sexa de fundición. Mentres que en tubarías de PVC e polietileno utilizaranse collaríns de abrazadeira con saída roscada. A válvula de corte da acometida será sempre de esfera con cuadradillo de manobra de 30×30mm.

Sempre que a presión no punto de enganche da acometida sexa superior a 5 Kg/cm² será obrigatorio a instalación dunha válvula reductora de presión que se instalará no equipo contador.

Artigo 41.- As Reductoras de Presión

As Reductoras de presión son elementos que provocan unha forte perda de carga, capaz de compensar un exceso de presión existente na rede. A entrada do regulador de presión será obrigatorio a colocación dun filtro para evitar depósitos no regulador que provoquen un mal funcionamento.

Artigo 42.- Ventosas

Ten por función a de facilitar tanto a saída como a entrada do aire nas redes nas operacións de enchido e baleirado das conduccións. Só se colocarán nos casos debidamente xustificadas, segundo os perfís lonxitudinais, xa que se procurará que a purga do aire da rede sexa a través das acometidas.

O seu dimensionamento realizarase en función das características da conducción proxectada, topografía do terreo, modelo e marca das ventosas elixidas.

As ventosas serán sempre trifuncionais cas seguintes especificacións:

- Corpo: Fundición nodular, con base a brida.
- Flotadores: Esféricos con alma de aceiro e revestidos de elastómero.
- Válvula de illamento: Con obturador do elastómero.
- Diámetro da entrada: de DN 65 a DN 200.
- Tapa: Fundición nodular, con dous orificios na parte superior.
- Brida: PN-16, DIN 2533.
- Parafusos: Bricromatados
- Revestimento: Interior e exterior, por empolvado epoxi (procedemento electrostático).

Colocaranse embridadas sobre unha Te de fundición dúctil e unha válvula de corte con comporta elástica. Todo elo no interior dunha arqueta de formigón armado, de 1,00×1,00m (dimensións libres), con tapa de fundición de diámetro 60cm e 40 Té, con orificios para a evacuación do aire.

Artigo 43.- Desaugues da rede

Colocaranse nos puntos baixos dos distintos sectores nos que se divide a rede pero sempre consultando a empresa concesionaria a súa ubicación.

Proxectaranse cun diámetro mínimo de 75 mm. ou superior dependendo do caudal a desaugar.

Os elementos que o compoñen son:

- “T” de derivación embridada de fundición dúctil.
- Válvula de comporta cerre elástico, de diámetro 75mm ou superior.

Se a válvula é de 75 mm., utilizarase para a conexión ao Pozo de Rexistro da rede de recollida de pluviais unha brida (FD), un racor macho de latón e tubaría de PVC de diámetro 75, PN-10. Para diámetros maiores, a conexión co Pozo de Rexistro da rede de recollida de pluviais realizarase mediante entubado de fundición dúctil.

O vertido ao Pozo de Rexistro da rede de recollida de pluviais realizarase a cota elevada, garantindo sempre a imposibilidade de retorno a rede xeral de distribución de auga potable.

Os elementos mencionados irán colocados como unha válvula de corte normal, é dicir, o corpo da válvula non irá nunha arqueta. Na zona da gabia onde vaia situada encherase con zahorra artificial ou area de canteira deixando unha camisa de tubo de diámetro 160mm que irá dende a cabeza da válvula ata a superficie. Enriba a nivel do vial ou da beirarrúa protexerase esta camisa cun plafón de fundición modelo Auga de Oleiros.

Artigo 44.- As Bocas de Rego

Estableceranse en tódalas zonas de parque, xardíns e demais espazos públicos libres, as instalacións suficientes para un consumo mínimo diario de vinte (20) metros cúbicos por hectárea. As bocas de rego serán dos materiais e modelos adoptados polo Concello, conectadas a redes independentes derivadas da rede xeral, coas súas correspondentes chaves de paso. A distancia entre as bocas de rego xustificárase conforme á presión da rede de tal forma que os radios de acción se superpoñan o necesario para non deixar ningún espazo sen cubrir.

Tratase duns elementos para limpeza dos viais, rego e tamén como medida de protección contra incendios. En tódolos casos, o diámetro da toma será, como máximo, a metade do diámetro do entubado de que deriva.

As bocas de rego deberán ser DN-40mm PN-16atm de fundición GGG-50 (nodular) con recubrimento de pintura Epoxi Azul, a entrada para conexión será con brida PN-16atm DIN-2532/33 e a saída con racor tipo Barcelona UNE 23400 DN-45mm. A carcasa ou arqueta, e tapa da mesma serán de fundición GGG-50 (nodular) resistentes ao paso de vehículos pesados (D-400).

Tódalas tomas para rego das zoas verdes municipais serán instaladas sempre con equipo contador de auga e a súa correspondente chave de corte, así como, discriminador nos regos automáticos co fin de evitar regar os días de chuvia.

Artigo 45.- Compoñentes do sistema contra incendios, os hidrantes.

Os compoñentes do sistema contra incendios cumprirán en xeral o disposto ao respecto no Regulamento de instalacións de protección contra incendios, aprobado polo Real Decreto 1942/1993 do 5 de Novembro, así como á lexislación vixente de aplicación.

Trátanse de elementos instalados na Rede Xeral de Distribución, de utilización case exclusiva polos camións de bombeiros. Situaranse en planta nunha cuadrícula aproximada de 200m de lado, segundo a NBE sobre protección de incendios e normativa concordante, e a súa colocación deberá ser aprobada especificamente polo Concello de Oleiros ou no seu defecto pola empresa concesionaria do servizo.

Os hidrantes deberán ser do tipo COLUMNNA SECA de toma vertical ou horizontal bridada. Na conexión á Rede Xeral de Distribución de Auga sempre se lle colocará unha válvula de corte de uso exclusivo do servizo municipal, co fin de poder cortar só no caso de rotura da columna ou perda de auga. Os hidrantes de columna seca estarán homologados e cumprirán as normas UNE-23405:1990.

A tubaría da rede, da que se alimentará o hidrante terá como mínimo un diámetro de 100 mm.

Os hidrantes de columna terán unha entrada de 4" de diámetro e deben ter as seguintes características:

- 2 bocas de 70 mm. (racoradas a 75 mm. tipo Barcelona para o uso dos bombeiros e servizos contraincendios)
- 1 boca de 100 mm. de diámetro.- (Uso exclusivo dos bombeiros)
- Tapóns antirrobo de fundición tipo Barcelona

- Sistema antixeo
- Sistema de rotura conducida

Nas mesmas características ás anteriores e nos casos autorizados polos servizos municipais poderanse colocar columnas coa entrada de 75 mm. de diámetro e 2 ou 3 bocas de 70 mm. de diámetro sempre racoradas do tipo Barcelona.

Detalles de colocación

- Sempre se instalarán os hidrantes de columna en cruces de calzada, prazas, etc. co fin de ter fácil acceso e manobra para os camións de bombeiros.
- Ademais nos lugares da instalación teranse en conta a súa fácil visibilidade e protección suficiente para que non sexan deteriorados ou rotos polas manobras dos vehículos ou camións.

Artigo 46.- Proxecto de urbanización - Abastecemento

O proxecto de urbanización, en soporte dixital, deberá incluír planos de planta con indicacións de conductos e tipoloxía, seccións constructivas, valvulería e elementos accesorios necesarios para a execución da instalación, definindo materiais, características e compoñentes de cada un dos elementos instalados.

Incluiranse nos planos do proxecto detalles constructivos dos elementos, arquetas e gabias, con indicación de recheos granulares, así como no esquema de puntos singulares que fagan comprensible completamente a instalación.

No caso de que se fixeran modificacións sobre o proxectado durante a execución da obra, deberán recollerse en soporte dixital os novos planos corrixidos.

CAPITULO 5.- ILUMINACIÓN PÚBLICA

Artigo 47.- Condicións xerais.

A rede de enerxía eléctrica de iluminación pública deseñarase de acordo coas disposicións do Regulamento electrotécnico de baixa tensión e das MI.BT. que sexan de aplicación

As características dos compoñentes de iluminación pública serán as definidas no Regulamento electrotécnico para baixa tensión e as instrucións complementarias MI.BT, e en especial a ITC-BT-09.

O control de calidade dos elementos realizarase mediante a comprobación da homologación destas polo Ministerio de Industria.

Artigo 48.- Niveis de iluminación

Defínense para os efectos de iluminación pública catro niveis de iluminación que son os seguintes:

Nivel 1: Aplicarase as zonas de circulación rodada das vías clasificadas funcionalmente como TIPO I, TIPO II e TIPO III segundo o artigo 2.2.1 desta Ordenanza e as rotondas de calquera vía.

Nivel 2: Aplicarase as zonas de circulación rodada das vías clasificadas funcionalmente como TIPO IV e V segundo o artigo 2.2.1 desta Ordenanza.

Nivel 3: Beirarrúas, prazas, zonas peonís, pasaxes, pequenos xardíns e zonas libres vinculadas as beirarrúas. Aplicarase tamén ás zonas peonís dos espazos libres privados de parcelas que sirvan de acceso as edificacións.

Nivel 4: Áreas de xogo, aparcamentos, xardíns de ata 250 m² en toda a súa extensión e todo tipo de percorridos peonís e zonas de paso non recollidas nos niveis anteriores.

Artigo 49.- Bases de cálculo foto-lumínico da iluminación pública

Valores luminotécnicos

No proxecto deberán terse en conta os parámetros seguintes:

- Iluminación media en servicio.
- Uniformidades media e extrema.
- Deslumbramento perturbador.

Os anteditos valores fixaranse segundo os seguintes criterios:

	Ilum. Media	Unif. Media	Unif. Extrema	Deslumbra.
Nivel 1	20 a 30 lux	0,60	0,30	10 %
en rotondas	40 a 60 lux			
Nivel 2	15 a 20 lux	0,45	0,20	10 %
Nivel 3	10 a 15 lux	0,40	0,20	10 %
Nivel 4	10 lux	0,20	----	15 %

A relación entre a separación e a altura dos focos non deberá ser superior a catro con cinco (4,5) salvo nos casos en que a brillantez dos focos estea delimitada e se xustifique adecuadamente.

En interseccións de vías continuarase co maior nivel de iluminación nos primeiros vintecinco (25) metros da rúa de menor nivel, medidos desde a intersección das beirarrúas.

Nos cruces de rúas, os puntos de luz deberán dispoñerse despois do cruce no sentido de marcha dos vehículos. Nas curvas pronunciadas deberán dispoñerse a menor distancia da normal e na parte exterior da curva.

Reflectiranse cantos cálculos e razoamentos se precisen para xustificar a instalación de iluminación adoptada e xustificarse a súa economía de funcionamento e conservación.

As tapas de conexión e mecanismos dos soportes atoparanse fóra do alcance dos nenos e terán un mecanismo de peche controlable. Os puntos de luz estarán protexidos por materiais irrompibles e os postes serán de materiais inoxidables.

A iluminación ambiental de áreas con arboredo realizarase de xeito que sexa compatible con este. En consecuencia os puntos de luz non poderán ter unha altura superior a catro con cinco (4,5) metros.

Nas aliñacións os puntos de luz alternarán coas árbores, ou ben fixaranse nas fachadas dos edificios, ou sobre peches das parcelas. En todo caso serán compatibles a disposición dos puntos de luz co arboredo das beirarrúas e prazas públicas.

Para as prazas seguirase o criterio de iluminar as vías circundantes coa intensidade luminosa correspondente á categoría da vía, e o interior iluminarase dándolle tratamento de parques e xardíns.

As zonas deportivas iluminaranse seguindo o criterio de utilización destas, pero sempre estarán dotadas de iluminación de acordo co Nivel 4, que permita utilizalas normalmente durante a noite. Estas colgaranse do cadro de mando e protección da iluminación pública, pero estarán provistas dun cadro secundario nas súas proximidades que permita o seu accionamento manual.

No exterior do cadro secundario instalarase un interruptor rotativo de dúas posicións 0 - 1, que permita o accionamento, mentres que no seu interior instalarase, ademais das proteccións necesarias, un contactor e un reloxo programador que só permita utilizar estas ate a hora programada e evite que se queden prendidas toda a noite.

A iluminación das vías perimetrais dos ámbitos de planeamento integral (Unidades de execución, polígonos plans parciais, etc.) deberán proxectarse considerando a súa anchura total, aínda que na súa delimitación só se inclúa a metade.

Artigo 50.- Limitacións de consumo

Co fin de limitar o consumo de enerxía eléctrica, en tódalas instalacións de iluminación pública estará prevista a redución de iluminación e de potencia consumida a partir da hora que determinen os servizos municipais. A programación farase mediante a instalación combinada de programadores astronómicos e reductores de fluxo.

Poderase eximir desta obriga as obras ordinarias de urbanización en solo urbano que tan so melloren ou completen parcialmente unha rede de alumeadado público existente.

En calquera caso, a redución de fluxo será obrigatoria cando polo tamaño do proxecto sexa preciso facer novos centros de mando ou reforzar os preexistentes.

Para a redución deberanse utilizar dispositivos que actúen reducindo o fluxo emitido por cada luminaria; en consecuencia, só se admitirá o apagado alternativo de lámpadas cando en cada luminaria se monte máis dunha lámpada, de forma que non se produza o apagado total do punto de luz a menos que exista unha avaría.

O reductor de fluxo será do tipo que limite a tensión a 230 V entre fase e neutro durante o período de funcionamento normal, para evitar que as lámpadas estean sometidas a sobretensións e se reduza a súa vida útil. No funcionamento de redución de fluxo, a tensión baixarase ata unha tensión entre 185 e 190 V para as lámpadas de vapor de sodio de alta presión.

Estes dispositivos de redución de fluxo deberán estar homologados e dispoñer do marcado CE.

Cando se instalen reductores de fluxo, no mesmo armario instalaranse tódolos elementos necesarios para o mando e protección da iluminación.

Estarán exentos destes cumprimentos aquelas iluminacións públicas que se realicen con luminarias que equipen lámpadas de Haloxenuros Metálicos.

Artigo 51.- Luminarias, columnas e implantacións

As luminarias viais que se instalen deberán incorporar os equipos auxiliares de acendido (reactancias, condensador e posibles arrincadores); disporán dun reflector de alto grao de eficacia, o difusor será unicamente de vidro e o compartimento óptico estará hermeticamente pechado.

En parques e xardíns admitiranse outro tipo de difusores, e estarán totalmente prohibidas as luminarias que envíen luz directamente cara ao ceo, tipo globo, farois clásicos sen tapa superior ou similares. Os materiais empregados deberán soportar actos vandálicos sen que se produza deterioro nos seus elementos e sen que se desprenda a luminaria, ou parte dela, dos seus soportes. Como norma xeral a altura de montaxe non será inferior a catro (4) metros.

As luminarias terán carácter antivandálico incluso con alturas de montaxe superiores á expresada no parágrafo anterior.

Cando se proxecten e instalen columnas/báculos, deberán responder a tipos homologados polo Ministerio de Industria, e os materiais preferidos serán os de chapa de aceiro galvanizado e fundición de aluminio.

O acabado exterior de báculos/columnas o calquera outro elemento portante de luminarias realizaranse cunha man de imprimación e con dúas mans de pintura adecuada ao material que hai que pintar, en cores incluídos na carta RAL e acordes co contorno, en todo caso este aspecto deberá ser consensuado cos Servizos Técnicos Municipais.

Tódalas columnas independentemente da súa altura, disporán dunha portela para a realización das conexións a unha altura mínima de 0,5 m sobre a rasante da beirarrúa. As conexións realizaranse nunha caixa do tipo de iluminación pública e incorporarán proteccións fusibles acordes coa lámpada para protexer.

Non se permitirán alturas de implantación superiores aos doce (12) metros.

Para a iluminación das rúas onde exista tráfico rodado non se instalarán luminarias a menos de seis (6) metros de altura.

Para a implantación das luminarias serán preferibles as seguintes disposicións.

Unilateral: Cando o ancho de vía sexa inferior á altura de montaxe.

Tresbolillo: Cando o ancho da vía se encontre entre 1 e 1,5 veces a altura de montaxe.

Pareada: Cando o ancho de vía sexa superior a 1,5 veces a altura de montaxe.

En beirarrúas de cinco metros (5 m) ou máis reforzarase a iluminación viaria con iluminación peonil, cunha altura de montaxe sempre superior a catro metros (4 m).

Os apoios ao solo emprazaranse, sempre que sexa posible, na beirarrúa, a unha distancia mínima de 0'20 m, medidos desde seu límite (parte exterior do bordo); entre a cara interior da columna e a fachada ou cerramento deberá quedar o espazo mínimo que fixe a normativa para a supresión de barreiras arquitectónicas.

As cimentacións para os apoios deberán presentar un coeficiente de seguridade ao volcamento non inferior a 1,5; deberán estar dotados dun mínimo de catro porlóns de fixación. Os porlóns e

as ozcas destes quedarán sempre e en todos os casos baixo o pavimento, e deberán rematarse a superficie sobre estes co mesmo material existente no seu contorno.

Todas as columnas/báculos, etc., quedarán perfectamente verticais

Artigo 52.- Alimentación das instalacións

As instalacións de iluminación pública proxectaranse para ser alimentadas cun sistema trifásico de tensións de 400 V entre fases, como excepción admitiranse alimentación en sistema monofásico, 230 V, pero previa autorización dos Servizos Técnicos Municipais.

Nos finais de liña levaranse os catro conductores como previsión de futuras ampliacións.

O factor de potencia da instalación deberá ser tal que nos consumos de enerxía eléctrica non se produzan recargos por este concepto. Por isto a compensación inicial do factor de potencia deberá realizarse en cada punto de luz e en caso necesario dotarase dos pertinentes condensadores no cadro de mando e protección.

Artigo 53.- Rede de conductores

O tendido de conductores realizarase mediante canalización subterránea por terreos públicos, e non se permitirán as canalizacións subterráneas nin os tendidos aéreos por propiedade privada.

O tendido non poderá discorrer baixo o pavimento destinado ao tráfico rodado máis que nos imprescindibles puntos de cruzamento de calzada.

Os conductores subterráneos tenderanse en gabias dotadas, en todos os casos, de tubos de PVC de dobre parede de diámetro mínimo 110 mm, que permitan a fácil reposición dos avariados. Nos cruzamentos de calzadas deberá quedar como mínimo un tubo libre.

As gabias estarán dotadas de arquetas nos puntos que a continuación se relacionan, como mínimo:

Ao pé do cadro de mando e protección.

Cada 4 puntos de luz.

En cada cambio de dirección.

En cada extremo dun cruzamento de calzada.

Cada 40 metros.

As arquetas deberán ser dunhas dimensións mínimas de 40 x 40 cm, excepto a que se sitúe ao pé de cadro que será de 60 x 60 cm.

As tapas destas arquetas serán de fundición de ferro (admitíndose marcos de fundición para ser enchidos co pavimento do contorno) unha vez colocadas, deberán resistir sen roturas nin deformacións permanentes unha carga de 500 kg, aplicada nunha superficie de 10 x 10 cm.

Todas as tapas de arquetas de dimensións superiores a 0,5 x 0,5 m, executaranse obrigatoriamente mediante un marco de fundición de ferro de forma piramidal cara á parte inferior da arqueta (para evitar bloqueos desta) e acabaranse con pavimento de iguais ao do lugar no que vaian emprazadas.

As canalizacións de iluminación pública deberán prolongarse ata os límites de todas as vías da unidade de execución, colocando ao final destas unha arqueta de continuidade para futuras conexións con outras actuacións futuras.

A rede de conductores deseñarase de tal xeito que a intensidade de cálculo que circule por cada circuíto na saída do centro de mando non supere os 16 A, en ningunha das liñas; enténdese por intensidade de cálculo a que resulte de aplicar ás lámpadas os coeficientes previstos na Instrucción complementaría MI BT 009 do vixente Regulamento electrotécnico de baixa tensión, ou texto legal que a substitúa.

A rede de conductores deseñarase procurando que do centro de mando partan varias liñas de distribución co fin de que unha avaría na rede afecte tan so a parte da iluminación e non á totalidade.

A alimentación a puntos de luz que iluminen zonas verdes ou interiores de prazas constituirá un circuíto independente do das rúas que as circundan.

Non se admitirán empalmes do cableado nas conduccións ou arquetas, debendo realizarse na caixa de conexións a uns 30 cm sobre a cota do terreo.

Artigo 54.- Equipos de medida.

Os equipos de medida deberán emprazarse na vía pública; se isto non fose posible o aconsellable é que se sitúen en lugar accesible tanto para o persoal da compañía. subministradora de enerxía como para o Concello, pero nunca no interior dunha propiedade privada.

Os equipos de medida situaranse no interior de armarios, estarán construídos de forma e materiais resistentes á intemperie e actos vandálicos, serán de modelo autorizado pola compañía. subministradora de enerxía, disporán de miras ou outros dispositivos que permitan tomar a lectura dos contadores e estarán dotados de pechadura homologada e autorizada pola compañía subministradora. Quedan prohibidos os armarios de chapa metálica.

Sempre que sexa posible deseñaranse as redes de iluminación de tal xeito que o equipo de medida sexa de medida directa, é dicir, que non supere os 63 A de consumo total.

Artigo 55.- Cadros de mando e protección.

Os mecanismos de mando e protección dos circuítos (cadro de mando e protección) emprazaranse en armario separados do equipo de medida e cando se instalen reductores de fluxo, estes irán incorporados no mesmo armario que os elementos de mando e protección. Neste último caso prestaráselle especial atención á súa ventilación, que será deseñada e calculada pola subministradora dos reductores de fluxo.

Os armarios dos centros de mando estarán construídos de forma e material resistentes á intemperie e aos actos vandálicos e, se fosen metálicos estarán postos a terra; disporán de cerramento con cerradura de chave mestra da compañía. subministradora.

Os centros de mando emprazaranse preferentemente xunto aos equipos de medida, sempre (excepto en cadros metálicos) en instalación fixada en nichos construídos para este fin, en beirarrúas e deberán conter os seguintes dispositivos:

Interruptor xeral automático de corte omnipolar.

Proteccións contra sobretensións.

Conmutadores de tres posicións (0-apagado, 1-acendido automático, 2-acendido manual).

Contactores.

Magnetotérmico de protección para o circuito de control.

Programador astronómico con horario definido para inverno e verán.

Magnetotérmicos onnipolares e diferenciais independentes (300 mA) para cada liña de saída **con sensibilidade e calibre de acordo co REBT.**

Magnetotérmicos monopolares para cada unha das fases dos diferentes circuitos.

Artigo 56.- Contaminación lumínica.

No deseño da rede de alumeado procurarase diminuír a contaminación lumínica actuando sobre:

- o deseño da rede que alcanzará o nivel luminoso requirido sen superalo de xeito inxustificable.
- a elección das luminarias escollendo aquelas que teñan fluxo hemisférico superior limitado.

Deseño da rede de alumeado:

O deseño da rede alcanzará o nivel luminoso requirido sen superalo de xeito inxustificable.

Na rede de alumeado público coa finalidade de reduci-la contaminación lumínica deberase dirixir o fluxo lumínico en sentido descendente e non ascendente, especialmente na iluminación de edificios e monumentos. En todo caso evitárase a dispersión do haz luminoso de xeito que incida directamente sobre a fachada iluminada sen superala.

Para evitar deslumbramentos o haz debera dirixirse cara abaixo cun ángulo en todo caso menor de 70°, cando maior sexa a altura do foco menor terá que ser o ángulo. Recoméndase o uso de reflectores asimétricos que permitan regular o haz de luz.

Características das luminarias:

Usaranse con carácter xeral lámpadas de descarga de vapor de sodio por mor da súa elevada eficacia luminosa (lm(W) e mellor rendemento de cor. En zonas axardinadas, cascos históricos,... xustificadamente poderán usarse vapor de mercurio e haloxenuros metálicos.

Limitase o fluxo hemisférico superior instalado FHS_{inst} das luminarias ao 15% con carácter xeral e ao 5% nas zonas rurais e costeiras non urbanas.

O rendemento da luminaria será como mínimo do 60% e estarán previstas de bloque óptico que controlen o FHS e aumente o factor de utilización no hemisferio inferior.

CAPITULO 6.- REDE DE ENERXÍA ELÉCTRICA (MEDIA E BAIXA TENSIÓN)

Artigo 57.- Condicións xerais.

A rede de enerxía eléctrica proxectarase de acordo co Regulamento de baixa tensión, Regulamento de liñas de alta tensión, Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en centrais eléctricas, subestacións e centros de transformación, Regulamento de verificacións eléctricas e Real Decreto de acometidas e cantas disposicións vixentes na materia que lle sexan de aplicación.

Artigo 58.- Previsión de cargas

Para os efectos do cálculo do consumo eléctrico, considerarase a carga por vivenda e locais prevista no Regulamento electrotécnico para baixa tensión, e disposicións complementarias. Cando non poida preverse a tipoloxía de vivendas e, consecuentemente, o seu grao de electrificación, considerarase de electrificación básica e utilizarase un coeficiente de simultaneidade 1.

Os casos especiais de consumo de equipamentos xustificaranse debidamente, non obstante como previsión considerarase as seguintes cargas (simultaneidade 1) para cada un deles, salvo cando se xustifiquen.

Equipamento (escolar, sanitario, dotacional, etc.): 0,05 Kw/m²

Equipamento deportivo. 0,02 Kw/m²

Zonas verdes: 0,002 Kw/m²

Sistema viario: 0,003 Kw/m²

Artigo 59.- Criterios de deseño

A rede eléctrica estruturarase a partir dos centros de transformación de media tensión ($\leq 20\text{KV}$), os cales serán conectados á rede da compañía distribuidora e pecharanse en anel como garantía de subministro.

Os centros de transformación executarase en edificio, ben sexa prefabricado ou no interior dunha edificación, debendo dispoñer en todos os casos de acceso directo desde un espazo público. Quedan totalmente prohibidos os transformadores de intemperie ou aéreos.

Como norma xeral intentarase que a potencia dos transformadores que hai que instalar non superen os 1000 KVA, podería admitirse algunha solución de maior potencia unicamente para ámbitos de desenvolvemento de solo dedicado á industria.

Os tendidos de liñas en media ($\leq 20\text{KV}$) ou baixa tensión aéreos, serán obrigatoriamente subterráneos e aqueles que xa existan dentro do ámbito deberán ser transformados en subterráneos.

Nas obras ordinarias de urbanización en solo urbano procurarase o soterramento das redes aéreas e sempre que sexa posible esixirase a retirada de postes de enerxía eléctrica e telefonía situados nas zonas de cesión, cando as redes estean xa soterradas. Enténdese que existe dita posibilidade en promocións ou proxectos de sete ou máis vivendas.

Os tendidos en alta tensión ($> 20\text{KV}$) non poderán estar nos voos de espazos parcelados edificables, é dicir, en caso de que non se poida trasladar a liña de alta tensión, no deseño da urbanización terase en conta o espazo ocupado pola citada liña e destinarase este a espazos libres.

A partir da rede de transformadores de media tensión crearase a rede de baixa tensión, que partirá desde os cadros de B.T. que se instalarán nos C.T. con condutores 0,6/1 KV, dando cumprimento ao establecido no R.E.B.T.

Tanto a rede de media como a de baixa tensión executarase en instalación enterrada baixo canalización eléctrica de PVC de dobre parede de diámetro 160 mm para os condutores de forza e canalización de PVC de dobre parede de 125 mm de diámetro para os condutores de comunicación.

Sentados os requisitos dos tubos para utilizar, o deseño da rede realizarase do seguinte modo: os tubos discorrerán baixo a beirarrúa, tal e como se mostra na sección tipo incluída no anexo 2 desta ordenanza, e instalaranse como norma xeral dous tubos de 160 mm e un de 125 mm, excepto en:

Lugares por onde estean orixinalmente proxectadas as liñas de media tensión, é dicir, coincida o trazado das liñas de media tensión co das de baixa, neste caso duplicaranse os tubos de 160 mm, pasando a ser 4 tubos (2 para M.T. e 2 para B.T.), coa relevancia de que sempre debe quedar un de reserva, é dicir, cando por necesidades de cerrar o anel dun centro de transformación os condutores de media tensión sexan de ida e volta; os de ida irán por un tubo e os de volta virán polo outro, polo tanto será necesario deixar un tubo de 160 mm de reserva, sen contar os dous que se destinarán á baixa tensión. Neste caso a rede estará formada por 5 tubos de 160 mm e un de 125 mm, que se colocarán sempre en base 2.

Nos cruzamentos de calzada instalaranse como mínimo 4 tubos de 160 mm e un de 125 mm, e se no deseño orixinal se ocuparan dous deles con liñas de media tensión, deixarase sempre un a maiores, sen contar os de baixa tensión.

Como norma xeral colocaranse arquetas do tipo normalizado pola compañía distribuidora:

- Cada 100 m,
- nos cambios de dirección superiores a 90°, e
- en todos os cruzamentos de calzada ámbolos extremos.

Todas as tapas de arquetas de dimensións superiores a 0,5 x 0,5 m, executarase mediante un marco de fundición de forma piramidal cara á parte inferior da arqueta (para evitar bloqueos desta) e acabaranse con pavimento iguais ao do lugar no que vaian emprazadas.

As tapas das arquetas deberán resistir sen roturas nin deformacións permanentes unha carga de 500 dg, aplicada nunha superficie de 10 x 10 cm.

CAPITULO 7.- REDE DE TELECOMUNICACIÓNS

Artigo 60.- Condicións xerais.

Os proxectos de urbanización deberán incluír a rede de canalizacións que sexa necesario realizar para dotar dos servizos de telecomunicacións a todas as parcelas. Este será obrigatoriamente en modo subterráneo, así mesmo suprimiranse todos os tendidos aéreos existentes e transformaranse en subterráneos.

As previsións sobre telecomunicacións deberán redactarse por Enxeñeiro competente e visado polo correspondente colexio profesional.

A previsión da infraestrutura de telefonía realizarase segundo a norma vixente. Estarase o disposto no Regulamento de Infraestructuras Comúns de Telecomunicacións, o que nos leva, ademais da previsión de teléfono, a efectuar unha previsión para as novas tecnoloxías, é dicir, rede dixital de servizos integrados (RDSI, ADSL,....) e televisión por cable.

A infraestrutura correspondente á telecomunicacións establecerase en función do número de liñas demandadas pola urbanización, como norma xeral as “vías de tipo 1” serán como mínimo como as de tipo 2, pero aconséllase que nas primeiras se someta o deseño a criterio da compañía subministradora, para que elas contemplen as posibles previsións de futuro. As “vías de tipo 2” realizaranse cunha previsión mínima de dous tubos de PVC ríxido (homologado por Telefónica España, S.A.) de 110 mm de diámetro en base 1, poderán utilizarse outros diámetros mentres que a superficie útil sexa equivalente.

A rede dixital de servizos integrados (RDSI) discorrerá por un dos tubos de 110 mm de diámetro, correspondente á rede de telefonía.

A infraestrutura correspondente á rede de cable realizarase cunha previsión mínima de tres tubos de PVC de dobre parede de 63 mm de diámetro en base 1. Nas vías de tipo 1 someterase o deseño a criterio da compañía subministradora, para que elas contemplen as posibles previsións de futuro.

Como norma xeral colocaranse arquetas do tipo normalizado pola compañía distribuidora:

Cada 100 m,

nos cambios de dirección superiores a 90º, excepto cando se empreguen pezas especiais, tales como cóbados e curvas, e

en todos os cruzamentos de calzada en ámbolos extremos.

Todas as tapas de arquetas de dimensións superiores a 0,5 x 0,5 m, executaranse mediante un marco de fundición de forma piramidal cara á parte inferior da arqueta (para evitar bloqueos) e acabaranse con pavimento iguais ao do lugar no que vaian emprazadas.

As tapas das arquetas deberán resistir sen roturas nin deformacións permanentes unha carga de 500 kg, aplicada nunha superficie de 10 x 10 cm.

Na parte de conexión coas infraestructuras das compañías subministradoras o deseño da rede consensuarase con estas e co Concello.

CAPITULO 8.- REDE DE GAS

Artigo 61.- Condicións xerais.

Todas as urbanizacións dotaranse da infraestrutura para a instalación de gas canalizado, e o proxecto de urbanización debe incluír a separata correspondente a este tipo de instalacións, que deberán ser subterráneas, proxectadas de acordo coa normativa que sexa de aplicación.

Esta infraestrutura conectarase á actual rede existente no Concello, debendo ser esta conexión realizada pola empresa distribuidora.

Artigo 62. - Compoñentes das instalacións de gas

As características dos compoñentes das canalizacións de gas cumprirán o Regulamento de redes e acometidas de combustibles gasosos segundo a Orde de 26 de outubro de 1983 pola que se modifica a Orde do Ministerio de Industria de 18 de novembro de 1974 que aproba o Regulamento de redes e acometidas gasosas e o Regulamento sobre almacenamento de GLP, en depósito (Orde 29-01-96) do Ministerio de Industria e Enerxía.

Realizarase como norma xeral o trazado baixo as beirarrúas, de calquera xeito, evitarase, sempre que sexa posible, unha distancia entre a xeratriz do entubado e a fachada máis próxima menor a 30 cm.

A profundidade de enterramento da rede será a seguinte:

60 cm baixo beirarrúa

65 cm baixo calzada

60 cm en zona axardinada (con formigón)

80 cm en zona axardinada (sen formigón)

Disporase o mínimo número de válvulas que garanta o illamento por sectores en previsión de futuras probas de estanquidade ou ante posibles situacións de emerxencia.

Disporanse válvulas nas derivacións e en liña cando se chegue a algún dos seguintes límites:

Cada 200 m en liña.

Cada 500 usuarios.

Nas válvulas de liña disporase dun venteo a cada lado e nas válvulas de derivación disporase un único venteo no lado oposto ao entubado principal.

Nas válvulas de acometida non se disporá venteo.

Non se admitirá a instalación de válvulas baixo calzada.

A montaxe da válvula en arqueta deberá deseñarse dispoñendo un disco en oito no xogo de bridas situado augas abaixo da válvula. Nunca se montará unha válvula con bridas sen intercalar un disco en oito. Os venteos quedarán emprazados dentro da arqueta, e poderán quedar incluídos na propia válvula.

En acometidas disporanse as válvulas preferentemente aéreas, ben en armario ou ben en caixa na fachada, o cal será semifixado ou, no seu defecto, en material de fundición de ferro.

CAPITULO 9.- OUTROS SERVIZOS

Artigo 63.- Condicións xerais.

Para calquera outro servizo que se pretenda colocar, as canalizacións das liñas discorrerán polo dominio público, deberán ser soterradas e estudarase a súa incidencia nos planos de coordinación de servizos, para as distintas seccións de rúa.

Calquera elemento de almacenamento ou distribución necesario para calquera outro servizo executarase en parcela privada.

No suposto de cesión de viais en solo urbano, cando no terreo a ceder exista poste de servizos (electricidade ou telecomunicacións) o promotor terá a obriga de eliminalos postes. Do contrario exixirase a constitución de aval polo importe de retirada dos postes, para a execución subsidiaria a cargo do promotor.

CAPITULO 10.- EVACUACIÓN DE LIXO

Artigo 64.- Condicións xerais.

Será obrigado incorporar aos proxectos de urbanización a recollida de lixo, desde o punto de vista selectivo, para o que se empregarán os colectores admitidos polo Concello de Oleiros. En canto ao número e disposición detállase a continuación, e en todo caso permitirán a recollida selectiva (coa seguinte dotación):

Orgánicos: 50 l/viv.

Inorgánicos: 50 l/viv.

Vidro: 30 l/viv

Papel: 30 l/viv

Estes colectores poderán ser de instalación en superficie do modelo e material homologado polo Concello. Incorporarase, cando sexa posible, unha zona común de lixo onde aloxar os colectores.

En urbanizacións residenciais de vivendas unifamiliares incorporarase a posibilidade de utilizar colectores individuais para recollida selectiva de orgánicos e inorgánicos de 250 l de capacidade cada un.

Nos espazos libres (parques e zonas verdes) ou de equipamentos utilizaranse colectores soterrados coa mesma proporción indicada para os de superficie, quedando totalmente prohibidos estes últimos.

Como complemento á recollida de lixo tamén será obrigado incorporar a nivel de proxecto as papeleiras necesarias, a razón de:

1 cada 50 m nas vías con disposición a tresbolillo, e

1 cada 500 m² nas zonas de espazos libres.

Ao igual que cos colectores, as papeleiras serán do tipo e modelo homologado polo Concello. A instalación doutros modelos, tanto para colectores como papeleiras, diferentes aos homologados polo Concello deberán ser aprobados previamente polos Servizos Técnicos Municipais.

CAPITULO 11.- PARQUES E XARDINS.

Artigo 65.- Condicións xerais.

Os xardíns deseñaranse dando prioridade ós elementos ornamentais e ás áreas adecuadas para a estancia das persoas.

Disporán de xogos infantís e de preadolescentes, xogos libres, áreas de deportes non regrados, áreas de plantación e axardinamento, illas de estancia repouso e lecer e zonas de defensa ambiental. Estes elementos disporanse de acordo co artigo seguinte segundo a superficie do xardín

O arboredo deberá manifestar os seus eixes e perspectivas; deberá contar con cultivos de flores.

Artigo 66.- Clasificación dos parques e xardíns.

Os parques e xardíns clasificaranse en:

- Xardíns ou áreas axardinadas.
- Parques urbanos.
- Parques naturais e forestais.

Artigo 67.- Compoñentes para o deseño dos parques e xardíns

Os compoñentes básicos dos parques e xardíns son os seguintes:

- a) Xogos infantís: formados por elementos de mobiliario e áreas de area, que polas súas dimensións e en cumprimento dos estándares correspondentes, se destinan a este uso concreto.
- b) Xogos de preadolescentes: formados por mobiliario, áreas de xogos non estandarizados, áreas de area e láminas de auga.
- c) Xogos libres: campos de xogos ó aire libre tales coma petanca, bolos, etc.
- d) Áreas de deporte non regrado, para o exercicio informal de deportes, sen requirimentos dimensionais regulamentados.
- e) Áreas de plantación e axardinamento.
- f) Illas de estancia, lugares acondicionados para o repouso e lecer.
- g) Zonas de defensa ambiental, mediante arboredo e axardinamento para a protección de ruídos e a retención de partículas contaminantes.

A superficie destinada á plantación de especies vexetais será en todo caso superior ao 60 % do total. Pode destinarse o resto non ocupado pola xardinería a paseos e zonas peonís, xa sexan pavimentadas ou de terra batida.

Artigo 68.- Xardíns: dotación de compoñentes en función da superficie.

Segundo a súa superficie deseñaranse cos seguintes elementos:

- a) Superficie non maior de douscentos cincuenta (250) metros cadrados: contará con mobiliario urbano para repouso, e árbores en alcorque.

- b) Superficie maior de douscentos cincuenta (250) metros cadrados, sen supera-los cincocentos (500) metros cadrados: contará con superficies axardinadas illadas e arboredo de defensa, ademais das da dimensión anterior.
- c) Superficie maior de cincocentos (500) metros cadrados, sen supera-los mil cincocentos (1.500): incorporará ós elementos da dimensión anterior os xogos infantís.
- d) Superficie maior de mil cincocentos (1.500) metros cadrados sen supera-los tres mil cincocentos (3.500): incorporará, ós elementos da dimensión anterior, os xogos de preadolescentes.
- e) Superficie maior de tres mil cincocentos (3.500) metros cadrados sen supera-los sete mil (7.000): duplicará, sobre os elementos da dimensión anterior, os xogos infantís e os de preadolescentes, e incorporará unha área de xogos libres.

Sempre que a súa disposición sexa posible instalaranse puntos de auga ornamentais, láminas de auga, áreas para xogos e ocio pasivo, superficie pavimentada para xogos de rodas, e plano de area drenada.

Artigo 69.- Parques urbanos

Os parques urbanos, manterán unha primacía da zona vexetal extensiva sobre a acondicionada mediante urbanización.

Poderán formarse pola combinación de calquera dos compoñentes e elementos de axardinamento, sen perde-lo carácter de zonas de ocio, repouso e mellora da salubridade e calidade ambiental.

Poderá dispoñerse edificación só para usos de ocio e cultura cunha ocupación máxima do dez por cento (10%) da súa superficie e sen pasa-la altura media da árbore de “porte-tipo” das especies próximas.

Os parques de superficie superior a tres (3) hectáreas contarán cos seguintes elementos: xogos infantís, xogos de preadolescentes, canles e fontes ornamentais.

Deberán dispoñer o seu arboredo, preferentemente, en ringleiras.

Artigo 70.- Condicións dos parques naturais e forestais.

Os parques naturais e forestais preverán a utilización para fins recreativos de carácter campestre e práctica deportiva non regulada.

Non poderán edificarse para ningunha actividade que non estea vinculada á recreativa ou para dar acollida a actividades culturais, de investigación ou de instrucción á poboación, ou ás concesións especiais que o Concello acorde para o apoio do recreo da poboación (quioscos de abastecemento de alimentos e similares).

Acondicionaranse mantendo as características de natureza fundamentalmente forestal, máis axeitadas ó contorno natural.

Artigo 71.- Criterios xerais de deseño.

Os espazos verdes deberán ser ordenados na súa totalidade, evitando espazos residuais sen algún tratamento.

O proxecto de xardinería xustificará o sistema de rego elixido, a rede de iluminación pública que incorpore, e os elementos do mobiliario urbano, incluíndo un estudo dos custos de mantemento e conservación.

Terase en conta en calquera espazo libre para o seu deseño a tipoloxía e características do contorno, formas e tipoloxía do terreo, rasantes de vías lindantes e calquera elemento que pode incidir ou realzar o deseño.

O proxecto de xardín cumprirá as seguintes condicións:

- a) Pendente máxima dos paseos recomendable do dez por cento (10%).
- b) A iluminación media dos paseos será igual ou superior a 10 lux., en servizo, cun factor de uniformidade maior ou igual de cero con vinte (0,20). A iluminación media de fondo será igual ou superior a 2 lux.
- c) Nas zonas forestais deberán preverse hidrantes de cen (100) mm, na proporción dun por cada catro (4) hectáreas. Deberán situarse en lugares facilmente accesibles e estarán debidamente sinalizados.

Deberá preverse dotación de fontes de beber, xogos infantís, bancos, e eventualmente servizos hixiénicos se o tamaño do parque é superior a vintecinco (25) hectáreas.

Os alcorques terán unha dimensión proporcional ó porte do arboredo, e en todo caso non inferior ós cen (150) centímetros de diámetro. Aceptaranse alcorques menores de 150 cm e como mínimo de 80 cm en beirarrúas cando non exista espazo dispoñible para un alcorque maior.

O solo dos paseos, camiños e sendeiros resolverase preferentemente con terra areada batida en seccións transversais bombeadas cunha pendente máxima do dous por cento (2%). As superficies horizontais deberán ser permeables e estar drenadas.

As bandas de protección de estradas e infraestruturas básicas recibirán o tratamento de zonas verdes. Empregaranse especies de raíz superficial que non danen a infraestrutura.

Prohíbese a plantación arbórea sobre a vertical de calquera infraestrutura. Nos parques urbanos preservarase o nivel de solo das áreas que estean arboradas.

A distancia mínima entre árbores e cerramento de parcelas ou liña de fachada será de dous metros e medio (2,5 m).

O tronco dos plantóns das especies terán as seguintes dimensións de circunferencia medida a un metro vinte (1,20 m) de altura dende o arranque das raíces (colo da raíz):

- Especies de porte grande: máis de vintecinco (25) centímetros.
- Especies de porte mediano: de vinte a vintecinco (20-25) centímetros
- Especies de porte pequeno terán de dezoito a vinte (18-20) centímetros.

Tódolos plantóns deberán conserva-la guía principal e telo tronco recto.

As árbores de aliñacións plantaranse con titores, proteccións mecánicas, protección contra cans e ventos para asegura-lo seu enraizamento e protexe-lo seu crecemento nos primeiros anos.

No seu deseño e execución estarase ás prescricións da Lei 8/1997 de Accesibilidade e Supresión de Barreiras Arquitectónicas e o seu Regulamento.

Tenderase a dar o máximo relevo e movemento, resaltando as alturas mediante volume adecuado das terras, cunha pendente mínima do 10 % cando o seu destino sexa a plantación de gramíneas ou especies tapizantes.

O arborado hai que dispoñelo de forma que proxecte a súa sombra durante o máximo tempo posible sobre as zonas de reunión e relación de persoas, así como de xogo da infancia.

Artigo 72.- Instalacións de rego

Estableceranse en tódalas zonas de parque, xardíns e demais espazos públicos libres, as instalacións de rego automático suficientes para un consumo mínimo diario de vinte (20) metros cúbicos por hectárea. Os elementos de rego serán dos materiais e modelos aceptados polo Concello, conectadas a redes independentes derivadas da rede xeral, coas súas correspondentes chaves de paso e contadores.

O deseño das instalacións de rega automática será realizado por un Enxeñeiro Agrónomo ou un Enxeñeiro Técnico Agrícola e estará fundamentado nos criterios de máxima eficacia e mínimo consumo. Estes sistemas de rega automática estarán organizados en seccións homoxéneas independentes, comandadas por cadansúa electroválvula, todo elo dirixido por un programador automático conectado á rede eléctrica. Crearase unha canalización eléctrica paralela á rede de alimentación das seccións de rega para a conexión das electroválvulas. O número de seccións de rega e a distancia entre os elementos de rego xustificaranse conforme á presión e ao caudal da rede de tal forma que os radios de acción se superpoñan o necesario para non deixar ningún espazo sen cubrir.

Recoméndanse as seguintes pautas:

- O sistema de rego automático deberá contar cunha chave de paso ou válvula manual xeral, que permita o peche do subministro de auga a tódalas seccións de rega á vez.
- Cada sección ou sector de rega deberá contar cunha chave de paso ou válvula manual antes da electroválvula, que permita pechar o subministro de auga a esa sección sen ter que pechar todo o sistema.
- Proxectarase un sistema de rega por goteo nas zonas de arborado, zonas de arbustos illadas, zonas con especies tapizantes illadas, xardineiras e macetóns
- Para zonas de céspede, praderías de gramíneas, e zonas mixtas (céspede ou praderías con plantas, arbustos e/ou árbores, especies tapizantes, etc.) elixirase un sistema de rega por aspersion.
- Os elementos de rego dos sistemas por aspersion serán escamoteables con superficies visibles reducidas (difusores emerxentes, aspersores de turbina emerxentes, ...) e fabricados con características antivandálicas. Así mesmo deberán contar todos eles con válvulas antidrenaxe, para evitar a descarga das tubarias por gravidade.
- O programador de rego será dixital e estará preparado para poder aumentarlle o número de seccións en, a lo menos, unha máis das que posúa o sistema de rega deseñado; deberá contar cun sistema de protección de programa ante unha eventual falla de subministro eléctrico.

- A alimentación partirá desde os cadros de iluminación pública como norma xeral, aínda que tamén se admitirán contadores e cadros independentes.
- As electroválvulas que comandan cada sección estarán instaladas en arquetas de tamaño suficiente como para poder manipulalas ou reparalas con facilidade.
- Se as arquetas están na zona de céspede, pradería ou macizos de planta, deberán ser de plástico, coa súa correspondente tapa e estar niveladas e enrasadas co terreo.
- Se as arquetas se sitúan en zonas de pavimento duro, (camiños, beirarrúas, rúas, etc.) deberán ser de fábrica (ladrillo, formigón, bloque ou prefabricadas de formigón), coa súa correspondente tapa e se instalarán enrasadas co pavimento. Neste caso deberán contar con un sistema de drenaxe por gravidade.
- Como reforzo á instalación de rega automática, e independentes dela, instalaranse bocas de rego a razón de unha por cada dous mil metros cadrados (2.000 m²).
- Procurarase que a instalación teña as mínimas conexións posibles á rede de auga potable, e dotarase de contador
- Os sistemas de rega por circulación superficial non ofrecerán solucións de continuidade co pavimento. Se os alcorques e regadoiras son profundas e entrañan perigo para os viandantes contarán coas correspondentes proteccións. Igualmente acondicionaranse de tal xeito que non medre a vexetación, ben mediante a implantación de reixas ou recheo de áreas ou similares

Procurarase que a instalación teña as mínimas conexións posibles á rede de auga potable, e dotarase de contador.

Artigo 73.- Condicións para especies vexetais en xardíns, parques urbanos e parques naturais e forestais.

Proxectarase a plantación de especies vexetais axeitadas ás características particulares de cada zona (condicións edáficas, climáticas, de uso, de seguridade e de sanidade), con preferencia polas especies autóctonas ou aquelas de probada aceptación na zona.

O arborado terá como mínimo unha altura de 2,5 m. Os exemplares arbóreos presentaranse ben conformados, cun desenvolvemento normal, sen síntomas de raquitismo ou retraso. Non presentarán feridas no tronco, polas ou raíces e o sistema radicular estará completo e proporcionado ó porte da copa. As condicións e características particulares axustaranse ás descritas no proxecto ou as que indique a Dirección Facultativa.

Trala plantación, en foxo suficientemente grande para albergar as raíces con comodidade e nunca menor de 1 m³ (1 x 1 x 1 m.) se asegurarán os exemplares mediante titores de rollizo de piñeiro ou mediante tensores, de dimensións suficientes para o seu cometido e instalados de xeito que non provoquen feridas na árbore suxeitada.

Unha vez plantados e suxeitos, procederase a elaboración dun alcorque de rega, consistente nun oco circular co centro na planta, formando un cómaro de terra ó redor, duns 25 cm de altura, que permita o almacenamento de auga no seu interior. Trala formación do alcorque, procederase a regar abundantemente ao pé da árbore.

As terras que se utilicen nas zonas de xardinería melloraránse mediante a fertilización, encalados e substratos axeitados, segundo o prego de condicións específico ou a aprobación dos servizos técnicos do Concello.

Artigo 74.- Especies vexetais recomendadas en xardíns, parques urbanos e parques naturais e forestais.

Indícanse a continuación algunhas das especies de arborado recomendado:

- Acivro (*Ilex aquifolium*)
- Bidueiro (*Betula celtiberica*)
- Cerdeira brava (*Prunus avium*)
- Carballo (*Quercus robur*)
- Ameneiro (*Alnus glutinosa*)
- Castiñeiro híbrido (*Castanea x hybrida*)
- Freixo (*Fraxinus excelsior*)
- Nogueira (*Juglans regia*)
- Teixo (*Taxus baccata*)
- Piñeiro bravo (*Pinus pinaster*)
- Loureiro común (*Laurus nobilis*)
- Pradairo (*Acer pseudoplatanus*)
- Érbedo (*Arbutus unedo*)
- Sanguiño (*Frangula alnus*)
- Espiño branco (*Crataegus monogyna*)
- Capudre (*Sorbus aucuparia*)
- Tamarisco (*Tamarix gallica*)

En calquera caso, a dirección facultativa deberá pronunciarse sobre a conveniencia das especies propostas, os seus emprazamentos e as súas características vexetativas (tamaño, presentación, estrutura, etc.)

Artigo 75.- Condicións para especies vexetais en aliñacións de rúas.

Evitaranse as plantacións de árbores en beirarrúas de menos de 2'50 metros de ancho e na vertical de calquera infraestrutura soterrada.

En xeral, os exemplares plantados en aliñacións non distarán menos de 3 metros da vertical da fachada dos edificios, medidos dende o centro do alcorque.

Os alcorques terán unhas dimensións mínimas de 0'8 x 0'8 x 1 metro (ancho x longo x fondo), sendo o ideal para tódalas especies abaixo indicadas alcorque de 1 m³ (1 x 1 x 1 m.) ou superiores

Os alcorques non deben ter o fondo formigonado nin compactado, é dicir, non poden ser “maceteiros” de formigón. No caso de ter alcorques deste tipo, as recomendacións de plantación serán outras, substituindo as plantacións de árbores por arbustos ou plantas vivaces axeitadas e aprobadas pola Dirección Facultativa das obras e servizos Técnicos Municipais.

Artigo 76.- Especies vexetais recomendadas en aliñacións de rúas.

Especies arbóreas recomendadas para plantacións en aliñacións divídense en tres grupos segundo a sección viaria dispoñible.

Os grupos son os seguintes:

Grupo 1.- Especies válidas para calquera tipo de aliñación:

- Alfaneiro – *Ligustrum lucidum* – Aligustre
- Pruno Pisardi – *Prunus cerasifera Pisardii* – Ciruelo Pisardi
- Padrairo Flamingo – *Acer negundo Flamingo* – Arce Flamingo
- Laranxeira brava – *Citrus aurantium* – Naranjo amargo
- Hibisco de Siria – *Hibiscus syriacus* – Hibisco de Siria
- Falso mirto – *Lagerstroemia indica* – Falso mirto

Grupo 2.- Especies válidas para aliñacións que disten polo menos 4'5 m das fachadas de edificios de máis de 2 alturas (baixo e primeiro) ou a lo menos 3'5 m de vivendas unifamiliares e de hasta 2 alturas.

- Padrairo de Montpellier – *Acer monspessulanum* – Arce de Montpellier
- Falsa acacia dourada – *Robinia pseudoacacia Frisia* – Falsa acacia Frisia
- Árbore do amor – *Cercis siliquastrum* – Árbol del amor
- Cereixo de flor – *Prunus serrulata Spire* – Cerezo japonés
- Freixo menor – *Fraxinus ornus* – Fresno del maná
- Catalpa – *Catalpa bignonioides* – Catalpa
- Camelia – *Camellia japonica* – Camelia
- Paulonia – *Paulownia tomentosa* – Paulonia
- Capudre – *Sorbus aucuparia* – Serbal
- Pitosporo, verde rizado – *Pittosporum tenuifolium* – Pitosporo
- Falso palmito – *Trachycarpus fortuneii* – Palmito elevado

Grupo 3.- especies válidas para aliñacións que disten a lo menos 6 m das fachadas en edificios de máis de 2 alturas (baixo e primeiro) ou a lo menos 4'5 m de vivendas unifamiliares e de hasta 2 alturas.

- Plátano de paseo – *Platanus hybrida* – Plátano de paseo
- Castiñeiro de Indias – *Aesculus hippocastanum* – Castaño de Indias
- Castiñeiro de Indias vermello – *Aesculus x carnea* – Castaño de Indias rojo

- Tilieia – Tilia platyphyllos – Tilo
- Tilieira menor – Tilia cordata – Tilo menor
- Lidueiro – Celtis australis - Alméz
- Albicia – Albizia julibrissin – Acacia de Constantinopla
- Ailanto – Ailantus altissima – Árbol del cielo
- Padrairo púrpura – Acer platanoides Crimson King – Arce púrpura
- Magnolia – Magnolia grandiflora – Magnolia
- Freixo – Fraxinus excelsior - Fresno

Outras especies diferentes das especies anteriores no caso de seren propostas deberán ser autorizadas polos Servizos Técnicos Municipais.

Artigo 77.- Condicións de plantacións para especies vexetais en aliñacións de rúas.

As distancias mínimas de plantación entre árbores serán (medidas entre centros de alcorques consecutivos):

- 4 metros para exemplares do grupo 1
- 6 metros para exemplares do grupo 2
- 8 metros para exemplares do grupo 3

Os exemplares se presentarán en cepellón ou en contedor, con fustes rectos non danados de calibre 20 - 25 cm ou superior (medido a 1'20 m de altura), cunha altura mínima de fuste de 2'5 m. medidos desde o colo da raíz á base da copa. Preferiranse os exemplares coa guía de crecemento principal sen podar.

No caso do Falso palmito (*Trachycarpus fortuneii*), presentarase en cepellón escaiolado ou contedor, cun fuste libre de palmas de, a lo menos, 2'5 metros; coas palmas atadas e sen recortar.

Deberase aportar terra vexetal mellorada en todo o volume do alcorque escavado, colocando nela o exemplar a plantar ben afirmado e dereito. Eliminaranse os contedores, mallas, sacos ou calquera outro material que sirva para conter o cepellón xusto antes da plantación. Incorporaranse os abonos necesarios descritos no proxecto ou os que aprobe a Dirección Facultativa da obra.

Terase especial coidado de non soterrar demasiado o cepellón. A superficie da terra debe quedar enrasada co pavimento e co colo da raíz da árbore. Para asegurar a estabilidade dos exemplares plantados se colocará a lo menos 1 titor de rollizo de piñeiro tratado en autoclave por exemplar, chantado un mínimo de 60 cm no propio alcorque, de calibre suficiente para o seu cometido. A suxeición da árbore ao titor realizarase a una altura máxima de 1'50 metros do chan, mediante cinchas de goma, nylon ou mixtas cunha durabilidade mínima dun ano. Colocarase, sobre as cinchas, un separador semiríxido que evite o roce do tronco da árbore co titor.

A empresa adxudicataria está obrigada a realizar regas periódicas dos exemplares plantados para asegurar o seu correcto enraizamento e pervivencia, dende o día de plantación ata a entrega definitiva ao Concello de Oleiros.

Calquera cambio nas condicións de plantación anteriormente descritas deberá ser comunicado por escrito aos servizos técnicos municipais, para a súa avaliación e a súa posterior aprobación ou rexeitamento.

Calquera característica non reflectida nas presentes condicións, e que puidera entrar en contradicción coas mesmas, será comunicada á Dirección Facultativa ou aos servizos técnicos deste Concello para a súa avaliación e a súa posterior aprobación ou rexeitamento.

Artigo 78.- Solos de plantación

Entendemos por solos de plantación a capa superior do terreo, que recibirá as raíces das plantas herbáceas e arbustos, así como as raíces superficiais das árbores. Independentemente do tipo de plantación que reciban os solos, estes deben cumprir as condicións mínimas que se especifican a continuación:

- Profundidade mínima de 35 cm.
- Textura: franca ou franco-areosa
- Granulometría: - ningún elemento maior de 5 cm de diámetro
 - Menos do 3 % de elementos de entre 1 e 5 cm de diámetro
- Contido en arxilas: inferior ao 20 %
- Contido en calcio total: inferior ao 10 %
- pH comprendido entre 5'5 e 7
- Contido en materia orgánica: entre o 5 e o 10 %
- Contido en nitróxeno (N): mínimo do 1 por 1000.
- Contido en fósforo (P) total: mínimo de 150 partes por millón (150 ppm.)
- Contido en potasio (K) total: mínimo de 80 partes por millón (80 ppm.)

Cando os solos de plantación non teñan as condicións mínimas reflectidas no parágrafo anterior deberán ser mellorados por medio de tratamentos físicos (cribados, aporte de areas, etc.), aporte de enmendas (cálcicas e/ou orgánicas) e aporte de fertilizantes (químicos e/ou orgánicos).

En canto aos fertilizantes a utilizar na mellora dos solos, aceptaranse so abonos químicos ou orgánicos industriais, autorizados polo Ministerio de Agricultura ou organismo competente equivalente. En ningún caso se aceptará o uso de abonos orgánicos procedentes de granxas, explotacións gandeiras ou agrícolas ou industrias de transformación de produtos agrícolas ou gandeiros.

Artigo 79.- Cobertura vexetal dos solos

Distinguiremos catro tipos de cobertura vexetal nos solos de plantación:

- Céspede suntuario
- Céspede utilitario
- Pradería
- Especies tapizantes

Entenderase por **césped suntuario** aquel que se instaura sobre zonas sin uso, é dicir, que non serán pisadas habitualmente. Ten un valor ornamental alto e estará formado por unha mestura de gramíneas seleccionadas de folla fina.

Entenderase por **césped utilitario** aquel que se instaura sobre zonas de uso, é dicir, zonas que serán pisadas habitualmente, sobre as que se poden desenvolver actividades lúdicas (xogos, deportes, etc.). Estará formado por gramíneas seleccionadas e adaptadas ó pisoteo e o uso intensivo (tipo céspede deportivo ou similar).

Entenderase por **pradería** a cuberta vexetal formada por gramíneas e non gramíneas herbáceas de folia menos fina ou rústica, tanto de orixe espontánea coma sementadas, en zonas amplas con posibilidade de uso. Se instaurará (ou favorecerá, cando xa exista) en áreas naturais ou naturalizadas como grandes parques, bosques de uso público, campas, etc. En ningún caso debe conter especies semileñosas ou leñosas.

Entenderase por **especies tapizantes** aquelas plantas herbáceas ou arbustivas distintas das empregadas para o céspede e as praderías, de porte baixo ou rastreiro que forman unha cuberta vexetal continua sobre o terreo. Son zonas puramente ornamentais, sen uso nin acceso e de carácter permanente.

Tanto nas zonas de céspede suntuario como nas de céspede utilitario deberase incluír un sistema de rega automática deseñada por un Enxeñeiro Agrónomo ou un Enxeñeiro Técnico Agrícola con criterios de máxima eficacia e mínimo consumo, segundo as directrices do artigo 72 de este mesmo prego de condicións.

Nas zonas de pradería poderanse incluír sistemas de rega automática por aspersión que faciliten o mantemento das praderías. En caso de seren incluídos, estes sistemas deberán deseñarse con criterios de mínimo consumo, a base de aspersores de gran alcance que cubran toda a superficie de herba co mínimo solapamento.

Nas zonas de especies tapizantes, o sistema de rega cumprirá as características descritas no artigo 72 desta ordenanza..

Artigo 80.- Xogos infantís e mobiliario

Disporase de bancos e papeleiras en todos os espazos libres, en número e proporción ao deseño efectuado, con criterios de calidade, durabilidade e fácil mantemento.

Nos xogos de infancia optarase por aqueles que non teñan arestas vivas e preferiblemente os estáticos aos que teñen movemento e os de madeira aos metálicos. Cumprirán coa seguinte normativa:

- Decreto 245/2003 do 24 de Abril –DOGA do 9 de maio de 2003.
- NORMA UNE-EN 1176: "Equipamento das áreas de xogo"
- NORMA UNE-EN 1177: "Revestimentos das superficies das áreas de xogo absorbentes de impacto. Requisitos de seguridade e métodos de ensaio".

Nas zonas que se dispoñan para xogo de nenas e nenos que se encontren separados do solo e haxa risco de caídas, o pavimento será obrigatoriamente elástico de caucho, cun grosor mínimo de 45 mm.

Nas zonas deportivas incluírase no deseño a construción de bancos ou bancadas en proporción adecuada ao tamaño do espazo deportivo, ademais dos elementos auxiliares necesarios para a práctica deportiva que se establecera.

TITULO 3.- OBRIGAS DO PROMOTOR RESPECTO AOS SERVIZOS TECNICOS MUNICIPAIS: REPLANTEO, INSPECCION DAS OBRAS, RECEPCIÓN E GARANTÍA DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN.

Artigo 81.- Replanteo das obras de urbanización:

O Promotor deberá:

- Comunicar ao Concello a designación do técnico director das obras de urbanización, técnico de seguridade e saúde, empresa adxudicataria das obras de urbanización e encargado da obra designado pola empresa contratista. Aportará número de teléfono de todos eles para facilitar a comunicación.
- *Aportar copia do contrato asinado coa empresa adxudicataria, para a execución das obras de urbanización. O contrato terá por obxecto a execución do proxecto de urbanización aprobado polo Concello e tamén poderá comprender a contratación da conservación e policía das obras de urbanización durante o prazo de garantía, nas condicións establecidas no art. 87.*
- Solicitar data para o replanteo das obras de urbanización.

Polo Departamento de Urbanismo fixarase data e hora para a comprobación da acta de replanteo e inicio das obras. Deberán estar presentes os servizos técnicos municipais e utilizarán a base cartográfica regulada no art.10. Se estudarán e recollerán especialmente as problemáticas que xurden nos bordes ou límites da unidade de xestión e as conexións do ámbito a sistemas xerais exteriores.

O día sinalado para o replanteo deberá estar estaquillado o perímetro do ámbito obxecto das obras de urbanización.

O replanteo formalizarase mediante acta.

Artigo 82.- Inspección das obras de urbanización:

Polos técnicos municipais que se designen realizaranse inspeccións periódicas para a comprobación da correcta realización das obras de urbanización.

O director da obra de urbanización, levará un “Libro de Incidencias” no que se recollerán os seguintes apartados:

- Traballos realizados.
- Incidencias.
- Controis cuantitativos e cualitativos.
- Comprobación de sinalización e medidas de seguridade.

- Parte de maquinaria.
- Correccións en unidades de obra.
- Localización.
- Información fotográfica.
- Proposta de medidas correctoras.

O Libro de Incidencias estará a disposición dos técnicos municipais designados para a supervisión.

O control de calidade das obras sempre será de conta do **contratista/promotor** por un importe mínimo do 2%.

Ao tratarse de obras que deben ser cedidas e recepciónadas polo Concello, sobre as que se exerce a actividade xeral de policía urbanística, o control de calidade das mesmas poderá ser contratado directamente polo Concello. En tal suposto, o promotor, antes de asinar o acta de replanteo deberá efectuar o ingreso nas arcas municipais do 2% presupostado para o control de calidade, deixando constancia no acta de replanteo.

O Director das obras de urbanización e os técnicos municipais designados para a supervisión da obra ordenarán a empresa contratada para o control de calidade, que verifique os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes.

Os técnicos municipais disporán de copia dos resultados dos ensaios realizados.

O Director da obra de urbanización redactará un informe mensual durante tódolos meses que dure a obra, e entregarallo aos técnicos municipais dentro dos cinco primeiros días do mes seguinte. Durante o primeiro mes a partir do replanteo, o Director da obra e os técnicos municipais establecerán a metodoloxía, formato e presentación deste informe mensual.

Artigo 83.- Inspección das obras ordinarias de urbanización

A inspección municipal realizarase no momento de apertura da gabia para o cal previamente o interesado deberá poñerse en contacto telefonicamente co Vixiante de Obras Públicas e coa empresa que preste o servizo de subministro de auga¹.

Previamente á licenza de primeira ocupación realizarase unha nova inspección para a comprobación do correcto funcionamento das conexións ás redes de saneamento e a correcta execución das obras ordinarias de urbanización.

As redes de sumidoiro e pluviais, serán separativas. A inspección realizarase mediante proba "in situ", normalmente con anilinas (auga con colorante) para constatar que saen ao pozo correspondente de saneamento ou de pluviais sito na vía pública.

As piscinas deben ir conectadas á rede de fecais ou augas negras.

¹ Na data de aprobación desta ordenanza é SERGESCO.

Non procederá a devolución de aval en tanto non estean perfectamente realizadas as obras de urbanización da fronte/ou frontes da parcela, executadas correctamente as acometidas aos servizos municipais de conformidade co informado polos técnicos e a Empresa SERGESCO, levantadas as casetas de vendas, retirados os anuncios de promoción e retirados da vía pública os restos de materiais e maquinaria utilizados.

Sempre que sexa posible esixirase a retirada de postes de enerxía eléctrica e telefonía situados nas zonas de cesión, cando as redes estean xa soterradas. Enténdese que existe dita posibilidade en promocións ou proxectos de sete ou máis vivendas.

O Concello poderá asumir no solo urbano consolidado as obras de urbanización que permitan a súa conversión en solar por conta do titular do solo, previo pago do correspondente prezo público.

Artigo 84.- Execución de obras de urbanización simultáneas ás de edificación.

A edificación simultánea á execución das de urbanización en solo urbano non consolidado e solo urbanizable delimitado e sectorizado (con planeamento de desenvolvemento, proxecto de urbanización e equidistribución aprobados definitivamente) requirirá o cumprimento de:

- Suscripción do ACTA DE COORDINACION PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN E EDIFICACIÓN, polo Director da Obra de Urbanización, o representante da Empresa adxudicataria da obra, o representante da empresa promotora da edificación, o representante da Xunta de Compensación e polos coordinadores de seguridade e saúde das obras de urbanización.

Nas citadas actas de coordinación, axustadas ao modelo municipal (cos axustes correspondentes a cada tipo de edificación, e obra urbanizadora) regularase a simultaneidade de ambas execucións, relacións entre os facultativos que interveñan, prazos, incumprimento de prazos e garantías, etc.

- Compromiso de obras de urbanización simultáneas á edificación.
- Aval do 100% do importe do proxecto de urbanización. No sistema de cooperación, deberá constituírse aval por importe da totalidade da cuota de urbanización correspondente á parcela resultado para a que se solicita a licenza. No suposto de parcela adxudicadas sen a afección de cuota de urbanización, constituirase aval polo importe que o Concello e a empresa adxudicataria das obras de urbanización acorden, como garantía das obrigas previstas no acta de coordinación.
- Compromiso de non utilización da construción sen ter feita a urbanización e asinada a acta de recepción das obras.

Artigo 85.- Recepción de obras de urbanización, formalización do acta.

O Acta de cesión/recepción da obra por parte do Concello levarase a cabo a petición do Promotor.

Antes de formalizar o acta deberá constar *no expediente* os seguintes documentos:

- A) Levantamento topográfico que conterá a topografía en planta da obra executada e a localización precisa de tódalas instalacións que se levaron a cabo nas obras. Isto implicará un plano para cada instalación debidamente acotado con referencias claras (marxes, rasantes, luminarias, etc.) ademais de plano de planta onde se incluírán detalladamente todos os elementos que se construíron como as tapas das instalacións, as acometidas, as árbores, báculos, mobiliario urbano, etc. Os Planos definitivos das obras deberán estar debidamente asinados polos/as directores/as das obras e visados polo colexio profesional correspondente. Estes planos reflectirán calquera variación existente nas obras.
- B) Medicións e presuposto definitivo.
- C) Parcelario e amolloamento das parcelas resultantes, suficientemente acoutada para poder face-lo replanteo sobre terreo, o que facilitará o outorgamento das licenzas de edificación. Tamén deberá ter marcadas as acometidas dos servizos para cada parcela.
- D) Probas de presión e estanquidade das conduccións postas en obra da rede de augas, certificado pola empresa xestora deste servizo público.
- E) Sinalamento da situación definitiva dos hidrantes instalados certificados pola empresa xestora do servizo público.
- F) Probas de estanquidade das conduccións postas na obra da rede de saneamento certificado pola empresa de control de calidade.
- G) Instalacións de electrificación e iluminación pública: contrato de subministro de enerxía eléctrica coa Empresa subministradora, correspondendo ao Concello realizar o cambio de titularidade ao seu favor.
- H) Escrito de aceptación da prestación do servizo por parte das compañías subministradoras.
- I) Certificado final de obra dos/as directores/as técnicos/as das obras.
- J) Depósito na nave municipal de placas de sinalización de rúas, ou resguardo de ter efectuado ingreso de valoración das mesmas para a súa colocación polo propio concello(suposto de que deban colocarse en soporte de edificios aínda non construídos, ou cando aínda non se determinou nome de rúas) . *En xeral o número de placas a colocar por rúa é de dous, unha en cada extremo da mesma, non obstante, nos encontros da rúa deberá determinarse segundo detalle.*

Os apartados A, B, C presentaranse tamén en soporte informático.

Polo Departamento de Urbanismo fixarase data e hora para a recepción das obras de urbanización. O acta de cesión/recepción das obras de urbanización, estará asinada por:

- Facultativo director das obras de urbanización.
- Representante legal do contratista.
- Promotor, Xunta de Compensación, Entidade de Xestión Urbanística.
- Técnicos municipais.

- Órganos políticos (Alcalde, concelleiros responsables de departamentos municipais).

Artigo 86.- Conservación da urbanización, durante o proceso de edificación dos soares.

De conformidade co establecido no artigo 110.6 da Lei 9/2006 os propietarios dos soares resultantes da execución da urbanización, tanto en solo urbano non consolidado como en solo urbanizable deberán constituírse en entidade urbanística de conservación. Deberá estar constituída antes da recepción das obras de urbanización e estará integrada polos titulares dos soares resultantes e/ou promotores de edificación.

A entidade urbanística de conservación ten por obxecto responder dos desperfectos ocasionados ás infraestructuras e viais, no proceso de edificación dos soares. Por tanto non poderá disolverse en tanto non estiveran completamente edificados os soares. De aí que os promotores das vivendas non poderán transmitir dita obriga aos adquirentes das mesmas.

A Xunta de Compensación responderá da obra executada durante o prazo de garantía das mesmas. Unha vez transcorrido este prazo e antes da devolución dos avales constituídos pola Xunta de Compensación e a súa disolución, ten que estar constituída a Entidade de Conservación, de maneira que haxa continuidade entre a recepción das obras e a súa conservación durante o proceso de edificación dos soares.

A Xunta de Compensación poderá transformarse en Entidade de Conservación ou conservar a urbanización se o obxecto da mesma fora tamén a edificación de soares.

A Entidade de Conservación deberá constituír aval para responder dos desperfectos ocasionados ás infraestructuras e viais, no proceso de edificación dos soares. O importe será o equivalente á reposición de capa asfáltica, arranxo de infraestructuras tales como bordos, beirarrúas, colocación de placas de sinalización de rúas, afundimentos, etc., e capitalización do índice de prezos a fin de que o importe depositado permita a reposición unha vez transcorrido o prazo de edificación de soares.

A disolución da Entidade de Conservación require:

- A previa edificación dos soares do ámbito.
- A reposición da capa asfáltica, arranxo de infraestructuras tales como bordos, beirarrúas, colocación de placas de sinalización de rúas, afundimentos, etc.
- Resolución municipal autorizando a disolución da entidade a e devolución de avales constituídos.

Unicamente poderá disolverse a Entidade de Conservación antes do prazo establecido (que debería coincidir co de edificación de soares) se se subscribe convenio no que o Concello asume as obras de arranxo de desperfectos, é dicir, se subroga nas obrigas da Entidade de Conservación previo ingreso por parte de esta do importe estimado das obras de reposición e arranxo de infraestructuras.

No sistema de cooperación deberá preverse no Proxecto de Reparcelación (Conta de Liquidación) e no de Urbanización como anexo, unha partida para a reposición de capa asfáltica, arranxo de infraestructuras tales como bordos, beirarrúas, colocación de placas de sinalización de rúas, afundimentos, etc., para que o Concello poida contratar as reparacións antes da

aprobación da conta de liquidación definitiva ou cando estean edificadas as 2/3 partes dos soares.

No sistema de concerto corresponderá dita obriga ao propietario único, ou ben o conxunto de propietarios que garantan solidariamente a actuación. No suposto de entidade urbanística de xestión, nos estatutos polos que se rexe a entidade deberá preverse a conservación das obras de urbanización durante a edificación dos soares.

Artigo 87.– Responsabilidades e garantías das obras de urbanización

Responsabilidade por vicios ocultos:

Estarase ao disposto no artigo 148 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Responderá o contratista executor da obra durante o prazo de 15 anos, dende a recepción da mesma.

Responsabilidade do redactor do proxecto de urbanización por defectos ou erros do proxecto:

Responderá dos danos e prexuízos que durante a execución ou explotación das obras se causen tanto á Administración como a terceiros, por defectos e insuficiencias técnicas do proxecto ou por os erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios *en que o mesmo haxa incorrido, imputables a aquel, e sen que poda opoñer a aprobación do proxecto pola Administración dado que a supervisión do mesmo redúcese ao disposto no art. 136.1 do Regulamento Xeral de Contratación*. Ao efecto aplicarase o disposto no artigo 219 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e *demais disposicións en vigor*.

Prazo de garantía das obras obxecto de Proxecto de Urbanización:

Establécese un prazo de garantía mínimo dun ano.

Conservación e policía das obras durante o prazo de garantía:

Corresponde ao promotor (xuntas de compensación, entidades de xestión urbanística ou propietario único) a conservación da obra de urbanización durante o prazo de garantía. Responderá dos danos ou deterioros que poidan producirse na obra, a non ser que probe que os mesmos foron ocasionados polo mal uso que de aquela fixesen os usuarios ou a entidade encargada da explotación das infraestructuras e non ao incumprimento das súas obrigas de vixilancia e policía de obra.

A tales efectos deberá dispoñer no ámbito das obras de urbanización dun vixiante para a vixilancia da obra, identificación de desperfectos e os causantes dos mesmos

O promotor poderá incluír a obriga de conservación e policía das obras de urbanización no contrato asinado co adxudicatario da obra, pero deberá facelo constar nos pregos de prescricións técnicas do proxecto de urbanización e dotar da correspondente partida no presuposto.

Durante o citado prazo de garantía, os técnicos municipais responsables da recepción procederán a dictar as oportunas instrucións ao promotor para que proceda á reparación do executado, do contrario procederase á execución subsidiaria con cargo ao aval constituído.

Cando o sistema sexa o de cooperación, o Concello o esixirá do contratista adxudicatario da obra de urbanización.

Garantías:

O 20% do importe de execución por contrata do proxecto de urbanización. No suposto de edificación simultánea ás obras de urbanización, constituirán aval por importe do 100% da execución por contrata.

Artigo 88.- Regulación subsidiaria.

No previsto neste Título subsidiariamente estarase ao disposto no texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e demais normativa sobre contratación.

Artigo 89.- Traballos mantemento nas zonas axardinadas, a realizar durante o ano de garantía.

A relación que segue reflexa os traballos **MÍNIMOS** que deberían ser realizados en canto a mantemento de xardíns e zonas verdes nas novas urbanizacións, durante o prazo de garantía.

O custe destes traballos debe correr por conta da empresa adxudicataria o do promotor das obras de urbanización (xuntas de compensación, entidades urbanísticas de xestión etc) e deberán ser realizados por unha empresa especializada en mantemento de xardíns. *

É de supor que o estado dos xardíns e zonas verdes a manter é óptimo ou moi próximo ó estado ideal, por canto xa se firmou o acta de recepción. Os traballos neste ano de garantía deben ir encamiñados a manter en bo estado as zonas verdes e melloralas no posible, resolver deficiencias ocultas que se poden manifestar tardiamente e solucionar danos por causas sobrevenidas (reformas, accidentes, reparacións de urxencia, etc.).

Non se especifican as técnicas nin as formas correctas de executar as labores pois se supón que é obrigación das empresas ter unha cualificación para realizar os traballos de xardinería e coñecer os manuais de boas prácticas de cada labor.

a) CÉSPEDES

a.1. Segas

- de 1 de Abril a 15 de Outubro: unha sega cada 10 días
- de 16 de outubro a 31 de Marzo: unha sega cada 20 días

Deberase recoller SEMPRE a herba cortada e non deixar “parches” de herba sobre o céspede. A altura da herba do céspede non debe ser menor de 2 cm. nin superior a 5 cm. en ningunha época do ano, sendo a altura media ideal a de 3’5 cm.

Dentro dos traballo de sega se inclúe o recorte de bordos. Este traballo é necesario nos lugares onde non chegan os cortacéspedes e na confluencia do céspede con elementos constructivos ou de mobiliario urbano.

a.2. Regas

O aporte de auga ó céspede debe ser tal que garanta a correcta vexetación das gramíneas formadoras do mesmo, evitando en todo momento o estrés hídrico das plantas, tanto por defecto como por exceso de auga.

Durante o verán poderían ter que se suspender as regas se existise bando municipal de escaseza de auga. Neste caso, comunicáraselle á empresa o cese das regas, e os problemas que se poidan derivar serán asumidos polo Concello.

Evitarase sempre o despilfarro de auga.

a.3. Abonados

Realizaranse dous abonados no ano, en cobertura: un a inicios de Abril e outro a inicios de Outubro.

A dose será a mesma nas dúas aplicacións: 40 gr/m² de abono complexo especial para céspedes, con relación 2-1-2 ou similar, con aporte de materia orgánica (MO), magnesio (Mg), xofre (S) e oligoelementos.

O persoal técnico do Servizo Municipal de Parques e Xardíns deberá autorizar os traballos de abonado polo que a empresa deberá comunicar con antelación a data na que se realizarán os abonados e o produto a utilizar (nome comercial, formulación e dose).

a.4. Control de malas herbas

O céspede deberá manterse libre de malas herbas de folia ancha e gramíneas rústicas. Para elo se poderán utilizar tanto as escardas manuais como as químicas.

No caso das escardas químicas, o persoal técnico do Servizo Municipal de Parques e Xardíns deberá autorizar os traballos de aplicación de herbicida selectivo polo que a empresa deberá comunicar con antelación a data na que se realizarán as aplicacións e o produto a utilizar (nome comercial, formulación, dose e zonas de aplicación).

Nos céspedes de nova implantación non se poderán aplicar herbicidas selectivos ata tres (3) meses despois da sementeira.

b) PARTERRES, MACIZOS DE PERENNES E ALCORQUES

Levaranse a cabo tódolos labores precisos para manter os parterres, macizos e alcorques limpos e con bo aspecto en toda a súa superficie, coas características axeitadas de limpeza, sanidade vexetal, estética vexetal e calidade do solo. Este deberá estar aireado, sen malas herbas nin pedras, terróns, lixo ou elementos estraños.

Nos macizos, parterres e alcorques que estean a terra espida, farase a lo menos unha entrecava cada 2 meses para eliminar as malas herbas e manter o solo esponxado.

No caso de ter o solo cuberto con “mulch” (casca de piñeiro, áridos, téxtil antiherbas, etc.) substituirase a entrecava pola escarda manual coa mesma frecuencia.

Non se autoriza a escarda química en parterres, macizos, rocallas, alcorques, etc.

Farase un abonado anual en Abril, a base de abono complexo de formulación 1-3-2 ou similar, que inclúa magnesio (Mg) e oligoelementos. O persoal técnico do Servizo

Municipal de Parques e Xardíns deberá autorizar os traballos de abonado polo que a empresa deberá comunicar con antelación a data na que se realizarán os abonados e o produto a utilizar (nome comercial, formulación e dose).

Os macizos cubertos por planta de tempada, debido á súa curta duración, merecen unha consideración especial. A plantación inicial deberá ser por conta da empresa adjudicataria/ promotor da urbanización (subministro, plantación, coidados e reposición de marras). Nos cambios de especie que se poidan efectuar durante o prazo de garantía, a man de obra e os coidados correrán por conta da empresa adjudicataria/promotor da urbanización, o subministro do material vexetal será por conta do Concello de Oleiros.

A fin de coordinar correctamente os cambios de especie nas plantacións de tempada, o Concello comunicará a cantidade de planta a utilizar e as datas preferentes de plantación á empresa adjudicataria/ promotor da urbanización, a lo menos, con 15 días naturais de antelación.

c) ARBUSTOS

Os arbustos deberán manterse nunha condición estética e sanitaria óptima, realizando os labores que foran necesarios para elo.

En xeral, serán necesarios un ou dous recortes ou despuntes ó ano nos arbustos de folla perenne e unha poda de despunte nos de folla caduca, para manter unha forma axeitada da masa vexetal. A época de execución dependerá das especies empregadas.

Esta poda dependerá fundamentalmente das especies a podar, a súa idade e o seu emprazamento, polo que o momento e as directrices de poda serán marcadas polo persoal técnico do Servizo Municipal de Parques e Xardíns do Concello de Oleiros e comunicadas con antelación á empresa

Farase un abonado anual en Abril, a base de abono complexo de formulación 1-3-2 ou similar, que inclúa magnesio (Mg) e oligoelementos. O persoal técnico do Servizo Municipal de Parques e Xardíns deberá autorizar os traballos de abonado polo que a empresa deberá comunicar con antelación a data na que se realizarán os abonados e o produto a utilizar (nome comercial, formulación e dose).

En caso de ser necesario aplicar algún produto fitosanitario, o persoal técnico do Servizo Municipal de Parques e Xardíns deberá autorizar os produtos e o tipo de tratamento, polo que a empresa deberá comunicar con antelación a data na que se realizarán os tratamentos e o produto a utilizar (nome comercial, formulación e dose).

d) SEBES E PECHES VEXETAIS

As sebes e peches vexetais deben manterse recortadas e aliñadas, tanto nos laterais como na altura, que en ningún caso superará os 2'5 metros, polo que se realizarán os recortes que sexan necesarios. En xeral, e como mínimo, será obrigado un recorte cada 3 meses. A sección deberá ser trapezoidal, co lado máis estreito cara arriba.

Farase un abonado anual en Abril, a base de abono complexo de formulación 1-3-2 ou similar, que inclúa magnesio (Mg) e oligoelementos. O persoal técnico do Servizo Municipal de Parques e Xardíns deberá autorizar os traballos de abonado polo que a empresa deberá comunicar con antelación a data na que se realizarán os abonados e o produto a utilizar (nome comercial, formulación e dose).

En caso de ser necesario aplicar algún produto fitosanitario para manter unhas condicións sanitarias óptimas das plantas, o persoal técnico do Servizo Municipal de Parques e Xardíns deberá autorizar os produtos e o tipo de tratamento, polo que a empresa deberá comunicar con antelación a data na que se realizarán os tratamentos e o produto a utilizar (nome comercial, formulación e dose).

e) ARBOREDO

As árbores, tanto as de nova implantación como as preexistentes, deberán manterse nunha condición estética e sanitaria óptima, realizando os labores que foran necesarios para elo.

Farase especial control sobre os exemplares preexistentes, moi sensibles os cambios de nivel do solo e ós danos radiculares. Pode ser necesaria a eliminación de algún exemplar que seque ou se deteriore e se considere irrecuperable. O dictamen de tal extremo correrá por conta do persoal técnico do Servizo Municipal de Parques e Xardíns e os traballos de tala, apeo, destoconado e substitución correrán por conta da empresa adxudicataria.

Os exemplares novos deberán contar con un sistema de suxeición, ben mediante titores de madeira tratada, ben mediante tensores, que garantan un correcto aplomado, estabilidade e resistencia ó vento. As ataduras dos elementos de suxeición ás árbores faranse mediante fixación específicas para este fin, evitando cordas, arames ou outros elementos non específicos que poden danar a codia dos exemplares. Faranse revisións periódicas do estado das suxeicións e da firmeza dos titores.

Manterase o alcorque das árbores limpo e sen malas herbas. A escarda será, en calquera caso, manual. Non se autoriza a escarda química.

Farase un abonado anual en Abril, a base de abono complexo de formulación 1-3-2 ou similar, que inclúa magnesio (Mg) e oligoelementos. O persoal técnico do Servizo Municipal de Parques e Xardíns deberá autorizar os traballos de abonado polo que a empresa deberá comunicar con antelación a data na que se realizarán os abonados e o produto a utilizar (nome comercial, formulación e dose).

En caso de ser necesario aplicar algún produto fitosanitario para manter unhas condicións sanitarias óptimas das árbores, o persoal técnico do Servizo Municipal de Parques e Xardíns deberá autorizar os produtos e o tipo de tratamento, polo que a empresa deberá comunicar con antelación a data na que se realizarán os tratamentos e o produto a utilizar (nome comercial, formulación e dose).

Como norma xeral, farase unha poda anual no arboredo. O tipo de poda e a época de realización dependerán fundamentalmente das especies a podar, a súa idade e o seu emprazamento, polo que o momento e as directrices de poda serán marcadas polo persoal técnico do Servizo Municipal de Parques e Xardíns do Concello de Oleiros e comunicadas con antelación á empresa.

f) PÉRGOLAS E TREPADORAS

O mantemento das plantas trepadoras consistirá fundamentalmente no seu guiado sobre a estrutura que as soporte. Pódese precisar de algunha poda lixeira, dependendo das

especies e do grao de crecemento, aplicada sobre brotes e polas mal dirixidos que non poidan ser guiados.

Manterase o alcorque das plantas limpo e sen malas herbas. A escarda será, en calquera caso, manual. Non se autoriza a escarda química.

Farase un abonado anual en Abril, a base de abono complexo de formulación 1-3-2 ou similar, que inclúa magnesio (Mg) e oligoelementos. O persoal técnico do Servizo Municipal de Parques e Xardíns deberá autorizar os traballos de abonado polo que a empresa deberá comunicar con antelación a data na que se realizarán os abonados e o produto a utilizar (nome comercial, formulación e dose).

En caso de ser necesario aplicar algún produto fitosanitario para manter unhas condicións sanitarias óptimas das plantas, o persoal técnico do Servizo Municipal de Parques e Xardíns deberá autorizar os produtos e o tipo de tratamento, polo que a empresa deberá comunicar con antelación a data na que se realizarán os tratamentos e o produto a utilizar (nome comercial, formulación e dose).

g) BORDOS E VIAIS

As zonas de contacto entre distintos pavimentos ou tratamentos do solo (bordos) manteranse limpas e definidas mediante a utilización de recortes (zonas de contacto céspede – pavimento duro) ou escardas (manuais ou químicas), a realizar durante todo o ano.

En pavimentos duros aplicaranse herbicidas totais sempre que sexa necesario para eliminar malas herbas, algas e musgos. Terase especial control nos pavimentos duros descontinuos (adoquíns, ladrillo, chapa de pedra, etc.) pola tendencia a medrar herbas nas xuntas, e nas zonas de umbría pola tendencia a cubrirse de mofos, musgos e algas.

En caso de ser necesario aplicar algún produto herbicida, musguicida e/ou alguicida, o persoal técnico do Servizo Municipal de Parques e Xardíns deberá autorizar os produtos e o tipo de tratamento, polo que a empresa deberá comunicar con antelación a data na que se realizarán os tratamentos e o produto a utilizar (nome comercial, formulación e dose).

No caso de que aparezan cárcavas nos camiños de materiais compactados (area, morteiro-terra, grava, zahorra, etc.) por causa das escorrentas, ou asentamentos ou desperfectos nos firmes de zonas pavimentadas, a reparación deberá ser inmediata e correrá por conta da empresa adxudicataria.

h) SISTEMA DE REGA

O mantemento do sistema de rega é fundamental para asegurar un correcto funcionamento do mesmo. Faranse revisións periódicas, polo menos unha cada 2 meses, do sistema hidráulico (tubarias, acoplamentos e derivacións, etc. → *control de fugas e aplastamentos*), dos automatismos e sistema eléctrico (programador, electroválvulas, cableado → *control de funcionamento, control de fugas, control de continuidade*) e dos elementos regantes (aspersores, difusores, goteiros, etc. → *control de funcionamento, control de fugas, axustes de arco de rega, control de obturacións*), aínda no caso de que o sistema non estea en operación (por exemplo durante os meses de inverno).

A reposición de elementos danados ou estragados do sistema de rega durante o prazo de garantía, aínda cando as causas sexan alleas á empresa, correrán por conta dela.

Farase especial control sobre a altura dos elementos regantes sobre o chan, pois é habitual que o terreo repise ó redor dos aspersores e difusores, co que se crean dous problemas:

- fórmase unha depresión de terreo ó redor do elemento regante, de xeito que apoza a auga
- a parte superior do elemento regante queda por encima da rasante do terreo, co que queda exposto a golpes, impactos de coitelas das segadoras, etc.

A solución non é baixar ou soterrar máis o aspersor, senón recrecer o terreo ó redor del, para eliminar os dous problemas.

Deberanse manter o interior das arquetas das válvulas e electroválvulas en perfecto estado, sen vexetación e sen lama ou elementos estraños.

i) REPOSICIÓN DE ELEMENTOS DETERIORADOS

Calquera elemento que resulte deteriorado durante o prazo de garantía deberá ser repostado pola adxudicataria por un idéntico ó deteriorado. Isto inclúe tanto os elementos vivos (plantas, árbores, céspede, etc.) como os elementos inertes (mobiliario urbano, pavimentos, fontes, farolas e puntos de iluminación, bordos, etc.) que formen parte da obra de urbanización contratada.

Tódolos gastos de subministro, instalación, retirada de elementos danados, xestión de escombros ou restos, etc. correrán por conta da empresa promotora, agás naqueles casos onde o Concello promova actuacións alleas ó proxecto de urbanización aprobado que danen os elementos xa establecidos. Neste caso, tódolos gastos derivados da reparación e ou substitución dos elementos danados correrá por conta do Concello.

Cando existan diferenzas entre os elementos danados e os que os han substituír, ditas diferenzas deberán ser comunicadas antes da instalación do elemento en cuestión ó persoal técnico do Concello de Oleiros, que deberá aceptar ou rexeitar os novos elementos.

* Nos supostos de sistemas de actuación indirectos (compensación, concerto, concesión de obra urbanizadora) responderá o promotor das obras de urbanización a realización dos traballos de mantemento, podéndoos encargar á mesma empresa adxudicataria das obras de urbanización ou a outra empresa. Nos sistemas de actuación directa (cooperación, expropiación) corresponderá á mesma empresa adxudicataria das obras de urbanización os traballos de mantemento, debéndose prever no prego de condicións da contratación.

DISPOSICIÓN

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Estarase ao disposto na Ordenanza Fiscal nº 11, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, para os efectos de servir como módulos de valoración de obras maiores e menores en todo aquilo que resulte novidoso ou non previsto expresamente neste Regulamento, ou en todo aquilo en que resulte máis detallado có previsto na vixente redacción.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Esta ordenanza será de aplicación ós proxectos de urbanización que se presenten no Concello e ós procedementos administrativos que se incoen a partir da súa entrada en vigor.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA.

Quedan derogadas as normas de igual ou inferior rango no que se opoñan expresamente ou contradigan o disposto nesta ordenanza

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez transcorrido ou prazo establecido no art. 65.2 da Lei 7/1985, de bases do réxime local, a contar desde ou día seguinte ao da publicación do anuncio da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO Nº 1: INTERVENCIÓN DE BOMBEIROS E DOTACIÓN DE HIDRANTES PARA OS EDIFICIOS.

CONDICIONES DE APROXIMACIÓN E ENTORNO DOS EDIFICIOS PARA A INTERVENCIÓN DOS BOMBEIROS:

Aproximación aos edificios:

1 Os viais de aproximación aos espazos de manobra aos nos entornos dos edificios, deben cumprir as condicións seguintes:

- a) anchura mínima libre 3,5 m;
- b) altura mínima libre ou gálibo 4,5 m;
- c) capacidade portante do vial 20 kN/m².

2 Nos tramos curvos, o carril de rodadura debe quedar delimitado pola traza dunha coroa circular de xeito que os radios mínimos sexan de 5,30 m y 12,50 m, cunha anchura libre para circulación de 7,20 m.

Entorno dos edificios:

1.- Os edificios cunha *altura de evacuación* descendente maior que 9 m deben dispor dun espazo de manobra que cumpra as seguintes condicións ao longo das fachadas nas que estean situados os accesos principais:

- a) anchura mínima libre 5 m;
- b) altura libre a do edificio
- c) separación máxima do vehículo ao edificio (dende o plano da fachada ata o eixo da vía):
 - edificios de ata 15 m de *altura de evacuación* 23 m
 - edificios de máis de 15 m e ata 20 m de *altura de evacuación* 18 m
 - edificios de máis de 20 m de *altura de evacuación* 10 m;
- d) distancia máxima ata calquera acceso principal ao edificio 30 m;
- e) pendente máxima 10%;
- f) resistencia ao punzamento do chan 10 t sobre 20 cm de diámetro.

2.- A condición referida ao punzamento debe cumprirse nas tapas de rexistro das canalizacións de servizos públicos situadas nese espazo, cando as dimensións foran maiores que 0,15m x 0,15m, debendo axustarse as especificacións da norma UNE-EN 124:1995.

3.- O espazo de manobra debe manterse libre de mobiliario urbano, arboredo, xardíns, mollóns ou outros obstáculos. De igual xeito, onde se prevexa o acceso a unha fachada con escaleiras ou plataformas hidráulicas, evítanse elementos tales como cables eléctricos aéreos ou ramas de árbores que poidan interferir coas escaleiras, etc.

4.- No caso de que o edificio estea equipado con columna seca debe existir acceso para un equipo de bombeo a menos de 18 m de cada punto de conexión a ela. O punto de conexión será visible dende o camión de bombeo.

5.- Nas vías de acceso sen saída de máis de 20 m de largo disporase dun espazo suficiente para a manobra dos vehículos do servizo de extinción de incendios.

6.- En zonas edificadas limítrofes ou interiores a áreas forestais, débense cumprir as condicións seguintes:

- a) Debe haber unha franxa de 25 m de anchura separando a zona edificada da forestal, libre de arbustos ou vexetación que poida propagar un incendio da área forestal así como un camiño perimetral de 5 m, que poderá estar incluído na citada franxa;
- b) A zona edificada ou urbanizada debe dispor preferentemente de dúas vías de acceso alternativas, cada unha delas cumprirá coas condicións expostas no apartado de aproximación aos edificios;
- c) Cando non se poida dispor das dúas vías alternativas sinaladas no parágrafo anterior, o acceso único debe finalizar nun fondo de saco de forma circular de 12,50 m de radio, no que se cumpran as condicións expresadas no primeiro parágrafo deste apartado.

DOTACIÓN DE HIDRANTES NOS EDIFICIOS SEGUNDO O SEU USO.

Con carácter xeral:

- en todo edificio se a *altura de evacuación* descendente excede de 28 m ou se a ascendente excede 6 m, así como en *establecementos* de densidade de ocupación maior que 1 persoa cada 5 m² e nos que a superficie construída estea comprendida entre 2.000 e 10.000 m².
- Alomenos un hidrante ata 10.000 m² de superficie construída e un máis por cada 10.000 m² adicionais ou fracción.(Ver nota ²)

Uso residencial vivenda: Un se a superficie total construída está comprendida entre 5.000 e 10.000 m².

Un máis por cada 10.000 m² adicionais ou fracción. (Ver nota ¹)

Uso administrativo: Un se a superficie total construída está comprendida entre 5.000 e 10.000 m².

Un máis por cada 10.000 m² adicionais ou fracción. (Ver nota ¹)

Uso Residencial público: Un se a superficie total construída está comprendida entre 2.000 e 10.000 m².

Un máis por cada 10.000 m² adicionais ou fracción. (Ver nota ¹)

Uso hospitalario: Un se a superficie total construída está comprendida entre 2.000 e 10.000 m².

Un máis por cada 10.000 m² adicionais ou fracción. (Ver nota ¹)

docente: Un se a superficie total construída está comprendida entre 5.000 e 10.000 m².

Un máis por cada 10.000 m² adicionais ou fracción. (Ver nota ¹)

Uso comercial: Un se a superficie total construída está comprendida entre 1.000 e 10.000 m².

Un máis por cada 10.000 m² adicionais ou fracción. (Ver nota ¹)


Pública concorrencia: En cines, teatros, auditorios e discotecas con superficie construída comprendida entre 500 e 10.000 m² e en recintos deportivos con superficie construída comprendida entre 5.000 e 10.000 m². (Ver nota ¹)

Aparcamento: Un se a superficie total construída está comprendida entre 1.000 e 10.000 m².

Un máis por cada 10.000 m² adicionais ou fracción. (Ver nota ¹)


² Para o cómputo da dotación pódense consideralos hidrantes que se atopan na vía pública a menos de 100 da fachada accesible do edificio.

ANEXO N° 2: SECCIONES TIPO DE RUAS CON INDICACIÓN DE PROFUNDIDADES MÍNIMAS RECOMENDADAS E POSICION DOS DIFERENTES SERVICIOS URBANÍSTICOS.



LEYENDA

ITEM	TIPO DE CANALIZACION	PROFUNDIDAD (cm)	ZANJA (cm)	DIÁMETROS (mm)
1	ALUMBRADO PUBLICO	62	25	∅ MÍN. 63
2	MEDIA TENSION	100	40	1∅125 + 3∅160
3	BAJA TENSION	80	40	1∅125 + 3∅160
4	TELECOMUNICACIONES	60	30	6∅ 63
5	GAS	60	30	SEGÚN COMPAÑÍA
6	AGUA	80	25	SEGÚN SEGESCO
7	SANEAMIENTO: FECALES	VARIABLE	60	SEGÚN OO.PP
8	SANEAMIENTO: PLUVIALES	VARIABLE	60	SEGÚN OO.PP





SECCION TIPO 23m


NOTA PARA ACTUACIONES AISLADAS EN SUELO URBANO.

En actuaciones aisladas en suelo urbano estas secciones tienen carácter de estandar ideal que deberá adaptarse a la realidad física del entorno inmediato y servicios existentes disponibles. A ese efecto, deberá recabarse del departamento municipal de Obras Públicas (saneamiento) y empresas subministradoras de servicios (electricidad, telec., gas y agua), la información sobre las redes existentes, posición, capacidad y necesidad o no de refuerzo de las mismas. En cualquier caso se exigirá como mínimo la instalación de 1 tubo de alumbrado de ∅63 (aunque sea como previsión de la red enterrada), en media y baja tensión 1∅125 y 2∅160 y para previsión de telecomunicaciones 2 tubos de ∅63.

DIMENSIONES MÍNIMAS TOTALES:


- Calzada: 7 m.
- Aparcamiento: 4,5 a 5 m.
- Carril bicicletas: 1,5 m. en unidir.
2,0 m. en bidirec.
- Aceras con arbolado : 9 m.





LEYENDA

ITEM	TIPO DE CANALIZACION	PROFUNDIDAD (cm)	ZANJA (cm)	DIÁMETROS (mm)
1	ALUMBRADO PUBLICO	62	25	Ø MÍN. 63
2	MEDIA TENSION	100	40	1Ø125 + 3Ø160
3	BAJA TENSION	80	40	1Ø125 + 3Ø160
4	TELECOMUNICACIONES	60	30	6Ø 63
5	GAS	60	30	SEGÚN COMPAÑÍA
6	AGUA	80	25	SEGÚN SEGESCO
7	SANEAMIENTO: FECALES	VARIABLE	60	SEGÚN OO.PP
8	SANEAMIENTO: PLUVIALES	VARIABLE	60	SEGÚN OO.PP



NOTA PARA ACTUACIONES AISLADAS EN SUELO URBANO.


En actuaciones aisladas en suelo urbano estas secciones tienen carácter de estándar ideal que deberá adaptarse a la realidad física del entorno inmediato y servicios existentes disponibles.

A ese efecto, deberá recabarse del departamento municipal de Obras Públicas (saneamiento) y empresas suministradoras de servicios (electricidad,elec., gas y agua), la información sobre las redes existentes, posición, capacidad y necesidad o no de refuerzo de las mismas.

En cualquier caso se exigirá como mínimo la instalación de 1 tubo de alumbrado de Ø63 (aunque sea como previsión de la red enterrada), en media y baja tensión 1Ø125 y 2Ø160 y para previsión de telecomunicaciones 2 tubos de Ø63.


DIMENSIONES MÍNIMAS TOTALES:

Calzada: 6 m.
 Aparcamiento con arbolado: 4,5 a 5 m.
 Aceras : 5 m.




LEYENDA

ITEM	TIPO DE CANALIZACION	PROFUNDIDAD (cm)	ZANJA (cm)	DIÁMETROS (mm)
1	ALUMBRADO PUBLICO	62	25	∅ MÍN. 63
2	MEDIA TENSION	90	40	1∅125 + 3∅160
3	BAJA TENSION	70	40	1∅125 + 3∅160
4	TELECOMUNICACIONES	60	30	6∅ 63
5	GAS	60	30	SEGÚN COMPAÑIA
6	AGUA	80	25	SEGÚN SEGESCO
7	SANEAMIENTO: FECALES	VARIABLE	60	SEGÚN OO.PP
8	SANEAMIENTO: PLUVIALES	VARIABLE	60	SEGÚN OO.PP




SECCION TIPO 16m



LEYENDA

ITEM	TIPO DE CANALIZACION	PROFUNDIDAD (cm)	ZANJA (cm)	DIÁMETROS (mm)
1	ALUMBRADO PUBLICO	62	25	∅ MÍN. 63
2	MEDIA TENSION	100	40	1∅125 + 3∅160
3	BAJA TENSION	80	40	1∅125 + 3∅160
4	TELECOMUNICACIONES	60	30	6∅ 63
5	GAS	60	30	SEGÚN COMPAÑÍA
6	AGUA	80	25	SEGÚN SEGESCO
7	SANEAMIENTO: FECALES	VARIABLE	60	SEGÚN OO.PP
8	SANEAMIENTO: PLUVIALES	VARIABLE	60	SEGÚN OO.PP




NOTA PARA ACTUACIONES AISLADAS EN SUELO URBANO.

En actuaciones aisladas en suelo urbano estas secciones tienen carácter de estándar ideal que deberá adaptarse a la realidad física del entorno inmediato y servicios existentes disponibles.
 A ese efecto, deberá recabarse del departamento municipal de Obras Públicas (saneamiento) y empresas subministradoras de servicios (electricidad, telec., gas y agua), la información sobre las redes existentes, posición, capacidad y necesidad o no de refuerzo de las mismas.
 En cualquier caso se exigirá como mínimo la instalación de 1 tubo de alumbrado de ∅63 (aunque sea como previsión de la red enterrada), en media y baja tensión 1∅125 y 2∅160 y para previsión de telecomunicaciones 2 tubos de ∅63.

DIMENSIONES MÍNIMAS TOTALES:


Calzada y Aparcamiento con arbolado: 8 m.
 Aceras : 4 m.

SECCION TIPO 12m





LEYENDA

ITEM	TIPO DE CANALIZACION	PROFUNDIDAD (cm)	ZANJA (cm)	DIÁMETROS (mm)
1	ALUMBRADO PUBLICO	62	25	∅ MÍN. 63
2	MEDIA TENSION	90	40	1∅125 + 3∅160
3	BAJA TENSION	70	40	1∅125 + 3∅160
4	TELECOMUNICACIONES	60	30	6∅ 63
5	GAS	60	30	SEGÚN COMPAÑÍA
6	AGUA	80	25	SEGÚN SEGESCO
7	SANEAMIENTO: FECALES	VARIABLE	60	SEGÚN 00.PP
8	SANEAMIENTO: PLUVIALES	VARIABLE	60	SEGÚN 00.PP



SECCION TIPO 12m



SECCION TIPO 8m

LEYENDA

ITEM	TIPO DE CANALIZACION	PROFUNDIDAD (cm)	ZANJA (cm)	DIÁMETROS (mm)
1	ALUMBRADO PUBLICO	62	25	∅ MÍN. 63
2	MEDIA TENSION	100	40	1∅125 + 3∅160
3	BAJA TENSION	80	40	1∅125 + 3∅160
4	TELECOMUNICACIONES	60	30	6∅ 63
5	GAS	60	30	SEGÚN COMPAÑÍA
6	AGUA	80	25	SEGÚN SEGESCO
7	SANEAMIENTO: FECALES	VARIABLE	60	SEGÚN OO.PP
8	SANEAMIENTO: PLUVIALES	VARIABLE	60	SEGÚN OO.PP


NOTA PARA ACTUACIONES AISLADAS EN SUELO URBANO.


En actuaciones aisladas en suelo urbano estas secciones tienen carácter de estándar ideal que deberá adaptarse a la realidad física del entorno inmediato y servicios existentes disponibles. A ese efecto, deberá recabarse del departamento municipal de Obras Públicas (saneamiento) y empresas suministradoras de servicios (electricidad, telec., gas y agua), la información sobre las redes existentes, posición, capacidad y necesidad o no de refuerzo de las mismas. En cualquier caso se exigirá como mínimo la instalación de 1 tubo de alumbrado de ∅63 (aunque sea como previsión de la red enterrada), en media y baja tensión 1∅125 y 2∅160 y para previsión de telecomunicaciones 2 tubos de ∅63.

DIMENSIONES MÍNIMAS TOTALES:

- Calzada: 5 m.
- Aceras: 3 m o pavimento continuo.

NOTA: SE ESTUDIARÁN SOLUCIONES DE SECCIONES CONTINUAS SIN BORDILLOS Y DIFERENCIACIÓN DE ZONAS POR ELEMENTOS DE MOBILIARIO, BOLARDOS, ETC.







NOTA: SE ESTUDIARÁN SOLUCIONES DE SECCIONES CONTINUAS SIN BORDILLOS Y DIFERENCIACIÓN DE ZONAS POR ELEMENTOS DE MOBILIARIO, BOLARDOS, ETC.

LEYENDA

ITEM	TIPO DE CANALIZACION	PROFUNDIDAD (cm)	ZANJA (cm)	DIÁMETROS (mm)
1	ALUMBRADO PUBLICO	62	25	∅ MÍN. 63
2	MEDIA TENSION	90	40	1∅125 + 3∅160
3	BAJA TENSION	70	40	1∅125 + 3∅160
4	TELECOMUNICACIONES	60	30	6∅ 63
5	GAS	60	30	SEGÚN COMPAÑÍA
6	AGUA	80	25	SEGÚN SEGESCO
7	SANEAMIENTO: FECALES	VARIABLE	60	SEGÚN OO.PP
8	SANEAMIENTO: PLUVIALES	VARIABLE	50	SEGÚN OO.PP



ANEXO Nº 3.- EXECUCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN E EDIFICACIÓN.-

- 1.- De conformidade co art. 159 da Lei 9/2002, “A Xunta de Compensación será directamente responsable, fronte á administración competente, da urbanización completa do polígono e, se é o caso, da edificación dos soares resultantes, cando así se establecera. O Concello esixirá do promotor das obras de urbanización, (as Xuntas de Compensación, Entidades Urbanísticas de Xestión, Propietario Único, etc.) a execución completa, correcta e en prazo das obras do proxecto de urbanización, sen que poida opoñer fronte ao Concello problemáticas e dificultades derivadas da simultaneidade da edificación e urbanización. De aí a importancia de que, as promotoras e empresas adxudicatarias de obras de urbanización, no seu caso, conformen e formalicen mediante actas de coordinación a simultaneidade na execución das obras, como requisito previo á autorización municipal.
- 2.- Para que a autorización a cada promotora de obras de edificación teña efecto, o acta deberá ser ratificada polas súas respectivas direccións facultativas e coordinadores de seguridade e saúde de cada obra como constancia de coñecemento do contido das obrigas derivadas da mesma.
- 3.- Non poderá autorizarse a simultaneidade das obras de urbanización e edificación en tanto non estean materializadas as rasantes lonxitudinais das rúas.
- 4.- O modelo de acta que se ofrece a continuación constitúe unha reflexión de condicións e obrigas a pactar entre promotores de urbanización e promotores de edificación en parcelas. Por tanto, **constitúe contido mínimo** que deberá ser adaptado a cada circunstancia (momento no que se inicia a edificación en parcelas, características do terreo, suspensións totais ou parciais de obras de urbanización, esixencia da avais por parte das empresas urbanizadoras aos promotores da edificación, establecemento de prazos, etc.).

ACTA DE COORDINACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN E EDIFICACIÓN.

PROMOTOR:

ÁMBITO DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN:

IDENTIFICACIÓN OBRAS DE EDIFICACIÓN:

Expte. Obra N°

En -----, a-----de-----de dous mil -----.

REUNIDOS:

Dunha parte -----, Promotor das obras do proxecto de urbanización (Xunta de Compensación, Concello de Oleiros, Entidade urbanística de Xestión, etc.).

De outra,

D. -----, provisto de DNI n° ----- como Director da Obra de Urbanización.

D. -----, provisto de DNI n° ----- en representación da Empresa ----- adxudicataria da obra de urbanización.

D. -----, con DNI n° -----, en representación da empresa -----, promotora das edificacións dos bloques na parcela n° ---- - do proxecto de Reparcelación/Compensación, etc.

D. -----, con DNI n° -----, como director das obras de edificacións dos bloques nas parcelas n°. ---- do Proxecto de Reparcelación/Compensación.

D -----

O mesmo para os técnicos de seguridade e saúde de ambas obras, urbanización e edificación.

EXPOÑEN:

Este apartado debe recoller as condicións que as partes implicadas pactan para permitir a execución das edificacións das parcelas simultaneamente coa execución das obras de urbanización. Debe definir:

- A execución da edificación nas parcelas asignadas, ata rasante de viais ou na súa totalidade.
- Se procede a suspensión temporal das obras de urbanización na zona afectada pola edificación e prazo.
- O ámbito obxecto de simultaneidade das obras de edificación e urbanización que debe reflectirse no plano anexo.

A firma do acta implica o permiso de entrada ás parcelas para a execución das obras de edificación, segundo licenzas outorgadas, sempre e cando se autorice por parte de ----- (empresa adxudicataria das obras de urbanización e promotor das obras de urbanización), de acordo coas seguintes:

CONDICIÓN

- 1ª.- Previamente ao inicio dos traballos, cada promotor das edificacións comunicará, ao Departamento de Urbanismo do Concello de Oleiros, para a súa incorporación no expediente da licenza, á Dirección Facultativa e ao Coordinador de Seguridade e Saúde das obras de urbanización, o nome e datos de contacto da empresa constructora principal, do xefe de obra, da Dirección Facultativa e do Coordinador de Seguridade e Saúde de cada obra de edificación. Estes quedarán supeditados ás directrices que poidan establecer os responsables das obras de urbanización.
- 2ª.- Así mesmo, indicarán o método de traballo previsto, que deberá ser compatible coas obras do polígono levadas a cabo pola constructora ----- . As respectivas direccións facultativas e coordinadores de seguridade e saúde das obras de edificación serán informadas de todos os requisitos establecidos no presente acta, manifestando a súa conformidade á mesma, así como ao resto dos documentos e ás comunicacións derivadas da mesma. **O método de traballo debe ser aprobado pola dirección facultativa das obras de urbanización.**
- 3ª.- Se a edificación simultánea á edificación comporta a suspensión temporal das obras de urbanización, manifestarán a súa conformidade ao documento que reflicte o estado das obras de urbanización no momento de procederse á suspensión temporal das mesmas. Dito documento elabórase conxuntamente pola Dirección Facultativa e a empresa constructora das obras de urbanización, baixo a supervisión técnica do Concello de Oleiros, en concreto, do arquitecto municipal.
- 4ª.- As zonas de execución serán acordadas entre -----, (empresa adxudicataria das obras de urbanización) e cada empresa promotora das edificacións e **aprobadas pola Dirección Facultativa das obras de urbanización.** Estarán perfectamente delimitadas e sinalizadas e serán claramente identificadas por medio de valados metálicos fixos. As características de esta delimitación serán tales que só poderá superarse de forma voluntaria e deberá existir sinalización ao efecto. O mantemento en perfecto estado de dito cerre correrá a cargo de cada empresa promotora das edificacións. Antes de proceder á execución das actuacións, no interior dos recintos valados procederase a levantar un acta entre as empresas afectadas sobre o estado e situación do cerre.
- 5ª.- ----- (**empresa promotora das edificacións**), deberá replantexar sobre o terreo, con elementos claramente identificables, os puntos singulares que definen os límites de cada obras, establecendo as bases suficientes que permitan comprobacións posteriores, de forma que se poida permitir a recepción das obras non afectadas pola edificación.
- Dito replanteo debe ser aprobado pola Dirección Facultativa das obras de urbanización.** Toda esa información entregarase nun plano xeoreferenciado, xunto co listado de coordenadas UTM.
- 6ª.- Proporcionarase ao Coordinador de Seguridade e Saúde da obra de Urbanización para a súa revisión e aprobación, e por cada edificación, a documentación gráfica necesaria onde se indique o perímetro da parcela afectada pola obra, o acceso á mesma, a sinalización de seguridade e saúde a empregar, as zonas de acopio e o lugar de instalación das grúas e o seu radio de xiro.

7ª.- Os accesos a cada recinto deberán ser independentes e centralizarse en puntos fixos que permanezan vixiados ou pechados, de maneira que só as persoas e vehículos autorizados poidan acceder aos mesmos. Cada empresa constructora será responsable de ditos accesos e do seu control. Garantirase que o estado de limpeza sexa o óptimo nos puntos de acceso, así como nos viais adxacentes.

8ª.- Queda terminantemente prohibido o acceso a unha das obras a través do área de outra. Os recursos, tanto materiais como humanos, deben ser independentes, así como a xestión e ubicación dos residuos sólidos xerados. Da mesma forma establécese para a Dirección Facultativa e o Coordinador de Seguridade e Saúde.

9ª.- O Coordinador de Seguridade e Saúde das obras de urbanización resérvase o dereito de aplicar o establecido no R.D. 1627/1997, polo que se establecen as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde en Obras de Construcción, e en particular, no que respecta ao artigo 9, apartado f), onde se establece que entre as súas obrigas inclúese:

“(...) Adoptar as medidas necesarias para que só as persoas autorizadas poidan acceder á obra (...)”.

10ª.-En ningún caso a execución dos traballos de edificación supoñerá unha diminución nos niveis de seguridade a terceiros establecidos actualmente pola empresa adxudicataria das obras de urbanización e o Coordinador de Seguridade e Saúde das mesmas, mentres estas se encontren temporalmente suspendidas, tanto no que se refire á orden de limpeza, como na sinalización e ordenación do tráfico nas rúas adxacentes.

11ª.-Queda reservado o dereito de entrada ao recinto de cada obra de edificación ao persoal técnico cualificado do Concello de Oleiros, da Dirección Facultativa das obras de urbanización e de ----- (empresa adxudicataria de obras de urbanización).

12ª.- (Suposto que a empresa que realiza a edificación pacte a execución de obras de urbanización do fronte da parcela, como subcontratista da empresa adxudicataria de obras de urbanización)

Para os traballos efectuados nas zonas adscritas ás obras de urbanización polas empresas promotoras das edificacións, estas asumen á recepción dos mesmos as garantías establecidas no R.D.L .2/2000, polo que se aproba o Texto Refundido da Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, o R.D. 1098/2001 que aproba o Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas e a Ley 38/1999 de Ordenación de la Edificación.

Tras ser aceptados os traballos realizados no ámbito da obra de urbanización, cada empresa promotora das edificacións e a súa Dirección Facultativa, redactarán un documento que reflicta o estado das obras de urbanización no momento de procederse á devolución das mesmas. Dito documento deberá ser aprobado por todos os representantes das obras de urbanización.

Poderá establecerse a constitución de avales en beneficio da empresa adxudicataria das obras de urbanización, para garantir o exacto cumprimento do obxecto da subcontrata.

13ª.- (Suposto de suspensión temporal na execución das obras de urbanización e solo se autorice simultanear as obras de edificación ata rasante)

Rematadas as obras de edificación ata rasante de viais, os promotores das mesmas procederán á súa paralización e retirarán calquera instalación, cerca, acopio, maquinaria ou calquera outro obstáculo que impida a continuación das obras de urbanización ata o seu remate. Así mesmo, efectuarán o cercado do recinto segundo as características establecidas na condición cuarta (4ª) de xeito que non se impidan os traballos de urbanización.

14ª.- (Suposto de suspensión temporal na execución das obras de urbanización)

Non se reiniciará a execución da urbanización ata que sexan devoltos todos e cada un dos terreos cedidos para as obras de edificación. A tal efecto establececese un prazo demeses

15ª.- Establécense como condicións mínimas e indispensables para poder simultanear a edificación coa fase final das obras de urbanización, que poderán ser ampliadas e definidas para cada parcela, as seguintes:

- Non interferir no normal desenvolvemento das obras de urbanización de tal xeito que poida producirse unha redución do rendemento de execución dos traballos ou unha diminución nos niveis de seguridade establecidos para a mesma.
- Establecer un recinto perfectamente illado da obra de edificación respecto da urbanización.
- Dispoñer dun acceso único e independente que non inclúa zoas en urbanización ou accesos propios da mesma.
- Someterse ás directrices establecidas polos servizos técnicos do Concello, do Promotor da obra de urbanización, da empresa adxudicataria da obra de urbanización, e pola Dirección Facultativa e o Coordinador de Seguridade e Saúde da urbanización.
- Acordar previamente con -----(empresa adxudicataria da obra de urbanización), as cuestións que sexan da súa incumbencia para cumprir a súa relación contractual coa Xunta de compensación/ o Concello de Oleiros no suposto de sistema de actuación por cooperación/ outras entidades urbanísticas de xestión)

E para a súa constancia, levántase o presente acta no lugar e data indicados, firmada polos asistentes.